

ACTA NÚM. 8 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 24 DE MAIO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **16:40 horas** do día **24 de maio de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

O R D E D O D Í A:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de abril de 2018.**
- 2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).**
- 3. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2018-CREXT-02 do orzamento do ano 2018, por importe de 20.000 euros.**
- 4. Aprobación inicial do Regulamento de títulos, honras e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela.**
- 5. Proposta de declaración institucional do Concello de Santiago en materia de loita contra a fraude.**
- 6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre o desenvolvemento de medidas de accesibilidade na cidade conforme ao segundo estudo realizado por ACEM.**
- 7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á necesidade de atender unha serie de demandas da policía local.**
- 8. Proposición do grupo municipal do BNG, para adoptar medidas que fomenten o uso de vehículos eléctricos, ao ser unha alternativa ecolóxica.**
- 9. Dar conta de renuncias ao Consello de Administración de XADE.**
- 10. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**

11. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de maio de 2018, núm. 132.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 14 de maio de 2018, núm. 134.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de maio de 2018, núm. 142.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de maio de 2018, núm. 143.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 145.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 146.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 147.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de maio de 2018, núm. 130.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de maio de 2018, núm. 131.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 14 de maio de 2018, núm. 135.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de maio de 2018, núm. 144.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 148.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do BNG de data 24 de abril de 2018, núm. 125.

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 30 de abril de 2018, núm. 126, presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a adhesión ao manifesto dos municipios polo cumprimento efectivo do pacto de estado en materia de violencia de xénero.

Rexistro de entrada do día 7 de maio de 2018, núm. 128, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre actuacións a desenvolver no ámbito do Monte Pedroso.

Rexistro de entrada do día 7 de maio de 2018, núm. 129, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre medidas contra os incendios forestais.

Rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 137, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamar o mantemento dos informativos locais e o diario cultural da CRTVG.

Rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 138, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio ás reivindicacións da asociación de persoas sordas de Santiago de Compostela (APSSC) sobre a falta de accesibilidade no ámbito sanitario galego.

Rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 139, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á sociedade estatal de Correos e Telégrafos, SA.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 140, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre o espazo conformado pola rúa do Pombal e a praza do Campo de San Clemente.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 141, presentada polo grupo municipal do BNG, para incrementar o nome das mulleres no rueiro compostelán co obxectivo de avanzar na correlación de xénero.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 149, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver unha actuación integral para a adecuación dos servizos na rúa e na travesía da Fervenza.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 150, presentada polo grupo municipal do BNG, para iniciar os procedementos para asumir a xestión directa da escola municipal de música.

A moción con rexistro de entrada do día 30 de abril do corrente ano, núm. 126, foi retirada polo grupo proponente previamente á celebración da presente sesión plenaria.

Antes de comezar o estudo dos asuntos incluídos na orde do día, en primeiro lugar gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia machista.

Seguidamente, ten lugar a votación para declarar a urxencia da moción en relación coa sentenza “do caso da manada”, e o Pleno por unanimidade declara a urxencia da mesma.

Procédese agora as seguintes intervencións na sesión plenaria:

Don Julio Louro Peña, en representación da asociación ACEM, en relación á proposición do grupo municipal Popular, sobre o desenvolvemento de medidas de accesibilidade na cidade.

Don José Antonio Pais Freire, en representación da asociación de persoas xordas (acompañado por interprete), en relación á moción presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e BNG, en apoio ás reivindicacións das persoas sordas.

A continuación o Pleno da Corporación por unanimidade, mostra a solidariedade do Concello de Santiago co Concello de Tui, pola traxedia acontecida no día 23 de maio de 2018.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 19 DE ABRIL DE 2018.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión ordinaria do día 19 de abril de 2018.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2018-CREXT-02 DO ORZAMENTO DO ANO 2018, POR IMPORTE DE 20.000 EUROS.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda de data 22 de marzo en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CO NÚMERO 2018-CREXT-02 DE IMPORTE 20.000,00 €.

Logo de ver o informe-proposta e proposta que forman parte da documentación deste expediente:

1)Informe-proposta de acordo de Crédito Extraordinario nº 2018-CREXT-02, asinada polo xefe de servizo da Oficina de Rehabilitación e Vivenda e Proposta do Concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, co informe favorable da oficina orzamentaria, de data 20 de marzo de 2018.

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse ata o exercicio seguinte. De conformidade co establecido no artigo 12.2 das Bases de execución do Orzamento Municipal de 2018, esta Concellería, de acordo co establecido nos artigos 177 e ss do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e demais disposicións vixentes na materia,

PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO para o seu posterior traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas:

PRIMEIRO: aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2018-CREXT-02 con base no contido do informe-proposta e proposta que forma parte do expediente, por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €).

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) **Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:**

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2018-CREXT-02 por un importe de 20.000,00 euros co obxecto de adecuar na aplicación orzamentaria correcta o crédito destinado ao Programa de subvencións para a mobilización de vivendas en alugueiro dispoñibles do Concello de Santiago de Compostela.

O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	DESCRICIÓN	IMPORTE	TIPO MC	DESCRICIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
050	15220	48001	2018 4 HABIT 57	Venda. Outras transferencias correntes a Familias e I.S.F.L.	20.000,00	CE	Crédito dispoñible actual do proxecto de gasto	050	15220	78001	2018 4 HABIT 57	20.000,00	
					20.000,00								20.000,00

A) **Financiamento:**

1. Baixas por anulación: 20.000,00 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario	20.000,00 euros
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	
b) Baixas por anulación	20.000,00 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 20.000,00 euros

SEGUNDO: expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Figura no expediente informe de intervención, núm. 161/2018 de data 11 de abril do corrente ano, e acordo da Xunta de Goberno de aprobación do proxecto de data 11 de maio de 2018.

Rematado o debate, á vista da proposta transcrita, e máis do ditame favorable da Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, correspondente a sesión ordinaria do día 16 de maio do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO: A aprobación inicial do expediente de crédito extraordinario nº 2018-CREXT-02 con base no contido do informe-proposta e proposta que forma parte do expediente, por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €).

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

Habilitación de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2018-CREXT-02 por un importe de 20.000,00 euros co obxecto de adecuar na aplicación orzamentaria correcta o crédito destinado ao Programa de subvencións para a mobilización de vivendas en alugueiro dispoñibles do Concello de Santiago de Compostela.

O detalle desta proposta sería:

HABILITACIÓN DE CRÉDITO							FINANCIAMENTO: BAIXAS POR ANULACIÓN						
APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	TIPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO	IMPORTE	
050	15220	48001	2018 4 HABIT 57	Vvenda. Outras transferencias correntes a Familias e I.S.F.L.	20.000,00	CE	Crédito dispoñible actual do proxecto de gasto	050	15220	78001	2018 4 HABIT 57	20.000,00	
					20.000,00							20.000,00	

A) Financiamiento:

1. Baixas por anulación: 20.000,00 euros

Resumo:

EXPRESIÓN	IMPORTE
-----------	---------

1.- Total crédito extraordinario	20.000,00 euros
2.- Financiamiento	
a) Novos ingresos	20.000,00 euros
b) Baixas por anulación	
c) Remanente de tesourería afectado a gastos xerais	

TOTAL DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: 20.000,00 euros

SEGUNDO: Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado se contra o mesmo non se formulase reclamación algunha, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE TÍTULOS, HONRAS E CONDECORACIÓNS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A proposta do Sr. Alcalde de data 8 de maio do corrente ano, propón ao Pleno do Concello, a aprobación inicial do regulamento de Títulos, Honras e Condecoracións do Concello de Santiago de Compostela.

Ao texto de Regulamento ditaminado favorablemente na Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas na súa sesión ordinaria do día 16 de maio do corrente ano, presenta alegacións con data 23 seguinte o grupo municipal Popular e que teñen o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta as seguintes emendasao texto do Regulamento de Títulos, Honras e Condecoracións do Concello de Santiago de Compostela:

EMENDA 1:

Emenda de adición ao Artigo 1.

A continuación da expresión: “...concello de Santiago”, debería engadir: “A distinción tamén se poderá materializar mediante a instalación dunha placa”.

Motivación: Responde a acordo plenario do 15 de decembro de 2016

EMENDA 2:

Emenda de adición dun novo artigo 9.2 (baleiro tras a emenda do BNG aceptada en comisión), co seguinte texto: “9.2. Correspóndelle ao pleno, en sesión ordinaria, por maioría de 2/3 do número legal dos seus membros, e logo do ditame do Consello Asesor, aprobar a instalación de placas e elementos análogos”

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas.

EMENDA 3:

Emenda de adición ao artigo 10.1

Tras “centros e instalacións municipais,” engadirase “a instalación placas ou elementos análogos,”.

Motivación: Que a instalación das placas siga o protocolo común.

EMENDA 4:

Emenda de substitución do Artigo 4.1

Onde di “Para o seu outorgamento requirirase maioría absoluta” dirá “Para o seu outorgamento requirirase maioría de 2/3”

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas.

EMENDA 5:

Emenda de substitución do Artigo 5.5

Onde di “Ambos dous títulos precisarán a aprobación por maioría absoluta” dirá “Ambos os dous títulos precisarán a aprobación por maioría de 2/3”

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas

EMENDA 6:

Emenda de substitución do Artigo 6.3:

Dirá: “O outorgamento de ambas as dúas condecoracións precisará a aprobación por maioría de 2/3 do número legal de membros da Corporación.”

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas; e a exención do expediente previo pode recollerse no artigo 10.3.

EMENDA 7:

Emenda de substitución ao Artigo 10.3 (correlativa á emenda de substitución do artigo 6.3).

Dirá: “Cando se trate da concesión de títulos, honras ou condecoracións a persoeiros susceptibles de recibir a Chave de Ouro ou o título de ilustre visitante...”(segue igual)

Motivación: Axustar nestes casos o tempo da tramitación ao tempo da viaxe do persoeiro. O que non ten sentido e eximir de expediente a un estranxeiro se a concesión ou entrega da distinción non está condicionada a unha breve viaxe.

EMENDA 8:

Emenda de substitución do Artigo 7.5

Onde di “O título requirirá para a súa aprobación maioría absoluta” dirá “O título requirirá para a súa aprobación maioría de 2/3”.

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas.

EMENDA 9:

Emenda de substitución do Artigo 8

Onde di “maioría absoluta”, dirá “maioría de 2/3”

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas

EMENDA 10:

Emenda de substitución do Artigo 10.9

Onde di: “Os acordos serán adoptados por maioría absoluta...”, dirá “Os acordos serán adoptados por maioría de 2/3” (e sigue igual)

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas

EMENDA 11:

Emenda de supresión do segundo parágrafo do Artigo 8:

Deberase suprimir o texto: “A súa tramitación realizarase de acordo co disposto no artigo 10 deste regulamento”

Motivación: Esa previsión debe figurar no artigo 10.4, xunto á referencia as outras distincións.

EMENDA 12:

Emenda de adición ao artigo 10.4 (correlativa á anterior)

Tras “Medalla de Ouro de Santiago de Compostela”, engadirase: “Cidadán Distinguido”

Motivación: Garantir que o procedemento de concesión desa distinción sexa o mesmo co do resto.

EMENDA 13:

Emenda de substitución do artigo 9.1:

Onde di “Correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría absoluta do numero legal dos seus membros e logo do ditame do Consello Asesor”, deberá dicir: “Correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría de 2/3 do número legal dos seus membros o logo do procedemento previsto no artigo 10, outorgar...” (e segue igual)

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas

EMENDA 14:

Emenda de substitución do Artigo 9.3

O texto resultante sería: “As denominacións con nomes comúns tamén seguirán o procedemento previsto no artigo 10”

Motivación: Non hai razón para excluílos do procedemento común.

EMENDA 15:

Emenda de adición ao Artigo 10.5

Deberase engadir:

- “e) Un representante da Universidade de Santiago de Compostela
- f) Un representante do Colexio de Avogados
- g) Un representante da Cámara de Comercio
- h) Un representante do Consello de Relacións Veciñais.”

Motivación: Asegurar a participación cidadá e a participación doutras institucións que acheguen perspectivas complementarias. Inclúense as dúas Corporacións de Dereito Público máis representativas.

EMENDA 16:

Emenda de substitución ao artigo 10.6

O texto final dirá: “O consello Asesor de Condecoracións reunirse una vez por semestre, con carácter ordinario” (e segue igual).

Motivación: Enténdense suficientes dúas reunións ao ano.

EMENDA 17:

Emenda de substitución do artigo 16.4

Onde di “por maioría absoluta” dirá “por maioría de 2/3”

Motivación: Darlle un respaldo cualificado á distinción, un respaldo que integre un plural abano de perspectivas

EMENDA 18:

Emenda de supresión a Disposición Adicional Segunda.

Suprimírase a frase que di: “así como establecer excepcións na súa aplicación cando concorran determinadas circunstancias singulares”

Motivación: Semella unha quebra do principio de inderrogabilidade singular dos regulamentos

EMENDA 19:

Emenda de substitución da Disposición Adicional Cuarta:

O texto dirá: “Os grupos municipais da Corporación, dada a natureza deste regulamento, procurarán o acordo por consenso para a concesión das honras e condecoracións recollidas nel”.

Motivación: Evitar a contradición cos artigos nos que se esixe unha maioría e formular o consenso como unha suxestión.”

Foi presentada unha emenda transaccional á emenda número 18 do grupo municipal popular, que ten o seguinte contido:

“O alcalde ou alcaldesa poderá ditar as instrucións que resulten precisas para desenvolver este regulamento, así como establecer excepcións na súa aplicación cando concurren determinadas circunstancias singulares, apreciadas por maioría polo Consello Asesor de Condecoracións.”

Figura no expediente, informe do secretario xeral do plenario de data 8 de maio do corrente ano, e acordo da Xunta de Goberno, de aprobación do proxecto de Regulamento de data 11 de maio de 2018.

Rematado o debate, e tras o acordado no mesmo, procédese a votación das emendas presentadas, e máis o texto do Regulamento, do seguinte xeito:

1.- En primeiro lugar votáronse as emendas números: 2, 4, 5, 6, 8, 9, 10, 13 e 17 das presentadas polo grupo popular, e o Pleno da Corporación por 9 votos a favor das mesmas correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular, e 15 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), rexeita as devanditas emendas.

2.-A continuación ten lugar a votación das emendas números 1, 3, 7, 11, 12, 14, 16, 18

e 19 das presentadas polo grupo municipal do Partido Popular (a número 18 foi substituída por unha emenda transaccional que aparece transcrita no acordo) e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acepta as mesmas.

3.- Seguidamente ten lugar a votación da emenda núm. 15 das presentadas polo grupo municipal do Partido Popular, e o Pleno da Corporación por 9 votos a favor da mesma correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal Popular e por 15 votos en contra dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, polo que queda rexeitada.

4.- En último lugar procédese a votación do Regulamento, no que se incorporan as emendas aprobadas no punto núm. 2, e o Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda a aprobación inicial do Regulamento de títulos, horas e condecoracións do Concello de Santiago de Compostela.

Exposición pública polo prazo de trinta días a efectos de presentación de reclamacións e suxestións.

Resolución das reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo establecido, e aprobación definitiva polo Pleno da Corporación.

Publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85.

De non producirse reclamacións ou suxestións durante o período de exposición pública, a aprobación inicial será elevada automaticamente a definitiva.

O texto do Regulamento, que ven de aprobarse inicialmente, é o que segue:

“LIMIAR

A Constitución Española de 1978 recoñece aos municipios, ás provincias e as comunidades autónomas autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses. É o artigo 140 o que consagra o principio de autonomía local, polo que o goberno e a administración corresponden a cada un dos concellos.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local modifica a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local coa introdución dun novo título X que regula un réxime especial para municipios de gran

poboación, como o de Santiago de Compostela, que deriva da súa designación como sede das institucións autonómicas e capital da Comunidade Autónoma.

De acordo co disposto no artigo 89.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/2002, do 25 de xuño, que dotou a cidade dun estatuto especial de capitalidade cuxo obxecto é o de recoñecer formalmente a Santiago como capital da Comunidade Autónoma e co que se completaron, no ámbito normativo, as determinacións contidas na Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sede das institucións autonómicas de Galicia. Non só recoñece o seu estatuto especial, senón que regula os seus símbolos e crea o Consello da Capitalidade, órgano de colaboración e coordinación interinstitucional.

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, dedica parte do título VI, artigos 186 a 190, a regular as honras e distincións das entidades locais. Así, o artigo 189 sinala que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, co fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como acordar nomeamentos de fillos/as predilectos/as e adoptivos/as e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que concorran nas persoas galardoadas e que serán aplicados co maior rigor no expediente que se instruíra para o efecto.

Por todo isto, é manifesta a necesidade do Concello de Santiago de Compostela, en virtude da súa potestade de autoorganización, de actualizar o Regulamento para a concesión de condecoracións, aprobado o 5 de maio de 1955 e modificado por última vez o 2 de abril de 1966, así como a súa relación e coordinación coa regulación existente ou que poida existir no Concello referente á organización así como á realización de actos públicos municipais, precedencias, símbolos, atributos, usos oficiais etc., nomeadamente co Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, o Regulamento orgánico de goberno e de administración do Concello de Santiago de Compostela, o Regulamento do corpo da policía local do Concello de Santiago de Compostela, instrucións, decretos ou acordos ditados pola Alcaldía en materia de protocolo, para regular a celebración de vodas civís no Concello de Santiago de Compostela e demais.

Para finalizar, é preciso mencionar a Lei 57/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor das persoas que padeceron persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura -Lei de memoria histórica. No seu artigo 15, recolle o mandato dirixido a todas as administracións públicas para que adopten unha serie de medidas en relación cos símbolos e monumentos conmemorativos da Guerra Civil ou da Ditadura, sustentadas

no principio de evitar toda exaltación da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da Ditadura, no convencemento de que a cidadanía ten dereito a que os símbolos públicos sexan ocasión de encontro e non de enfrontamento, ofensa ou agravio.

Capítulo I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e clasificación

1. Os títulos, honras e condecoracións que poderá conferir o Concello de Santiago de Compostela, incluso con carácter póstumo, para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, serán as seguintes:

a) Nomeamento de alcalde/alcaldesa ou concelleiro/a de honra.

b) Título de Fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a.

c) Chave de ouro de Santiago de Compostela.

d) Medalla de ouro de Santiago de Compostela.

e) Título de Ilustre visitante.

f) Títulode Cidadán/á distinguido/a.

g) Cronista oficial de Santiago de Compostela.

2. Poderanse distinguir de forma honorífica a persoas, institucións ou entidades dando o seu nome a vías municipais, establecementos, centros ou instalacións do Concello de Santiago. A distinción tamén se poderá materializar mediante a instalación dunha placa.

No caso de establecementos, centros ou instalacións do Concello de Santiago, procurarase que estean relacionados coa actividade desenvolvida polas persoas ou institucións obxecto de distinción.

2.2. A concesión de títulos, honras e condecoracións recoñecerán méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, por teren prestado servizos ao municipio, dispensado honras ou producido beneficios sociais, culturais, turísticos, cidadáns, artísticos, musicais, deportivos, empresariais, científicos ou similares.

Artigo 2. Carácter dos títulos, honras e condecoracións

1. Os anteriores títulos, honras e condecoracións teñen carácter exclusivamente honorífico polo que non xerarán dereito a ningunha devindicación nin terán efecto económico.

2. As persoas titulares destas honras, títulos ou condecoracións disporán dun lugar reservado nos actos oficiais aos que sexan convocados polo Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 3. Revogación

1. Os títulos, honras e condecoracións poderán ser revogados se os/as titulares realizan actos ou manifestacións contrarias aos motivos que xustificaron a súa concesión ou que de existiren no momento do outorgamento non o permitirían.

2. A revogación será acordada polo mesmo órgano que concedeu a honra, coa mesma maioría prevista para o nomeamento, logo da tramitación do correspondente expediente e de dar audiencia á persoa interesada ou ás que a sucedan.

3. Non poderán concederse os títulos, honras nin condecoracións reguladas aos membros da corporación municipal en tanto exerzan os seus cargos.

Capítulo II. Clasificación

Artigo 4. Alcalde ou alcaldesa e concelleiro/a de honra

1. O nomeamento de alcalde, alcaldesa, concelleiro ou concelleira de honra do Concello de Santiago de Compostela poderá outorgarse por éste a personalidades, nacionais o estranxeiras como mostra da alta consideración que lle merecen distincións recibidas ou en correspondencia a outras análogas, de que fora obxecto a Corporación ou as autoridades municipais da Cidade.

Para o seu outorgamento requirirase maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e entregaranse nun acto solemne, procurando que coincida coa segunda quincena do mes de xullo, data na que se celebran as festas patronais.

2. Non poderán outorgarse novos nomeamentos dos expresados no parágrafo anterior mentres vivan cinco persoas que sexan alcaldes, alcaldesas ou dez concelleiros/as de honra.

3. Os alcaldes ou alcaldesas de honra consideraranse membros honorarios da Corporación municipal, e poden lucir, en seu caso, as insignias e atributos reservadas a

esta. Igualmente terán dereito a acompañar a Corporación nos actos e solemnidades ás que asista.

4. Os membros de honra da Corporación non teñen facultade ningunha para intervir no goberno ou na administración municipal.

5. A concesión do título, honra ou condecoración estará acreditada con documento, insignia, impresión ou símbolo fidedigno.

Artigo 5. Título de Fillo ou filla predilectos e adoptivos

1. O título de fillo ou filla predilecto/a de Santiago de Compostela distingue persoas, preferentemente nadas ou cuxa traxectoria vital discorra maiormente no municipio, que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio da cidade.

2. O título de fillo ou filla adoptivo/a de Santiago de Compostela poderá outorgarse as persoas que, sen naceren no municipio, manteñan vínculos persoais con ela e reúnan os méritos ou circunstancias establecidos no parágrafo anterior.

3. Os títulos de fillo ou filla predilecto/a e de fillo ou filla adoptivo/a consistirán nun diploma artístico, co escudo de Santiago de Compostela e alegorías sobre a actividade galardoada, con mención breve dos merecementos. Do mesmo xeito, imporáselles unha medalla de forma ovalada cun diámetro de 7x5 centímetros e cun grosor de 9 milímetros. No anverso ostentará en relevo o escudo oficial da cidade, coa coroa e a cruz de Santiago e no bordo unha greca coa inscrición "PRO COMPOSTELA, CIDADE VENERA". No reverso unha coroa de follas de loureiro no bordo e a inscrición que corresponda ao nomeamento "FILLO/A PREDILECTO/A", "FILLO/A ADOPTIVO/A". Os cordóns ou cintas destas medallas serán de cor verde.

4. Ademais da medalla, entregarase un insignia para uso corrente ou unha pequena medalla para ostentar na lapela en determinadas ocasións.

5. Ambos os dous títulos precisarán a aprobación por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e entregaranse nun acto solemne, procurando que coincida coa segunda quincena do mes de xullo, data na que se celebran as festas patronais.

Artigo 6. Chave de ouro de Santiago de Compostela e título de ilustre visitante

1. A chave da cidade de Santiago de Compostela poderá ser entregada polo alcalde ou alcaldesa a xefes ou xefas de estados estranxeiros e personalidades que visiten

oficialmente o Concello de Santiago.

2. O título de ilustre visitante de Santiago de Compostela poderá concederse a aqueles persoeiros de especial relevancia que visiten a cidade de Santiago e sexan recibidos oficialmente polo Concello.

3. O outorgamento de ambas as dúas condecoracións realizarase mediante decreto de Alcaldía, sen necesidade de expediente previo.

Artigo 7. Medalla de ouro de Santiago de Compostela.

1. A concesión da medalla de ouro reservarase a méritos verdadeiramente singulares que concorran en persoas, institucións, entidades ou corporacións e que poidan ser consideradas polo Concello de Santiago como dignas por todos os conceptos desta elevada recompensa.

2. O título correspondente á medalla de ouro consistirá nun diploma artístico, co escudo da cidade e alegorías sobre a actividade galardoada, con mención breve dos merecementos. Do mesmo xeito, entregarase unha medalla de forma ovalada cun diámetro de 7x5 centímetros e cun grosor de 9 milímetros. No anverso ostentará en relevo o escudo oficial da Cidade, coa coroa e cruz de Santiago e no bordo unha greca coa inscrición "PRO COMPOSTELA, CIDADE VENERA". No reverso unha coroa de follas de loureiro no borde e a inscrición que corresponde ao nomeamento "MEDALLA DE OURO". Os cordóns ou cintas destas medallas serán de cor verde.

4. Ademais da medalla, entregarase un insignia para uso corrente ou unha pequena medalla para ostentar na lapela en determinadas ocasións.

5. O título requirirá para a súa aprobación maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e entregarase nun acto solemne, procurando que coincida coa segunda quincena do mes de xullo, data na que se celebran as festas patronais.

Artigo 8. Título de cidadán ou cidadá distinguido/a

O título de cidadán/á distinguido/a poderase outorgar a aquelas persoas físicas ou entidades públicas ou privadas que destaquen polos seus merecementos no sector turístico, cultural, veciñal, artístico, musical, deportivo, empresarial, social, científico ou similares. Precisarán para a súa aprobación maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Artigo 9. Dedicación/denominación de lugares públicos da cidade de Santiago de Compostela

1. Correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal dos seus membros e logo do ditame do Consello Asesor de Condecoracións, outorgar a vías municipais ou a establecementos, centros ou instalacións do Concello de Santiago o nome de persoas físicas, organismos, institucións e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor da cidade no caso de organismos, institucións e entidades, ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural, artístico, deportivo, social etc., no caso de persoas físicas.

2.A denominación doutro tipo de denominacións de vías ou espazos públicos corresponde á Xunta de Goberno Local.

3. As denominacións con nomes comúns tamén seguirán o procedemento previsto no artigo 10.

4. En casos puntuais, e para evitar prexuízos de indefinición transitoria ás e aos residentes das vías municipais incluídas neste suposto, poderá empregarse ata que se denominen definitivamente a identificación alfanumérica.

5. Garantirase a equidade de xénero na denominación das vías municipais e dos establecementos, centros ou instalacións do Concello de Santiago outorgadas a persoas físicas, en consonancia co disposto na normativa correspondente.

Capítulo III. Procedemento para a concesión de títulos, honras e condecoracións

Artigo 10. Iniciación e tramitación

1. A concesión de calquera dos títulos, honras e condecoracións, a denominación de vías ou de establecementos, centros e instalacións municipais a instalación de placas ou elementos análogos, o irmandamento con outras cidades e o nomeamento do/a cronista oficial da cidade de Santiago de Compostela a que se refire este regulamento, salvo no caso da concesión da chave de ouro de Santiago de Compostela e o título de ilustre visitante que se estará ao disposto no artigo 6.3, requirirá a instrución previa do oportuno expediente, que servirá para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen a concesión e se rexerá por este regulamento, con aplicación supletoria o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (R.D. 2568/1986, do 28 de novembro) ou a disposición que se é o caso o substitúa.

2. Calquera persoa, entidade ou asociación poderá facer propostas mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello, dirixido ao/a alcalde ou alcaldesa.

3. Cando se trate da concesión de títulos, honras ou condecoracións a persoeiros susceptibles de recibir a Chave de Ouro ou o título de ilustre visitante e as esixencias de tempo así o aconsellen, o expediente poderá ser substituído por un escrito razoado do alcalde ou alcaldesa, dirixido ao Pleno da Corporación, para que este adopte o acordo co fin de conferir a condecoración ou condecoracións que sexa adecuadas á proposta.

4. O procedemento iniciárase mediante decreto da Alcaldía, por propia iniciativa ou por requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación no caso dos nomeamentos de alcalde ou alcaldesa, concelleiro ou concelleira de honra, fillo ou filla predilecto/a ou adoptivo/a, medalla de ouro de Santiago de Compostela, cidadán distinguido, irmandamentos, cronista oficial de Santiago de Compostela e de propostas de denominación de espazos públicos. No caso da chave de ouro de Santiago de Compostela e o título de ilustre visitante estarase ao disposto no artigo 6.3.

5. O Consello Asesor de Condecoracións, órgano encargado de informar o expediente, está constituído polos seguintes membros:

a) Alcalde ou alcaldesa do Concello de Santiago ou concelleiro/a en quen delegue, que presidirá o Consello.

b) Concelleiro/a que designe o Alcalde que ostentará a vicepresidencia.

c) Un/unha representante de cada un dos grupos municipais da Corporación.

d) O Secretario/a xeral do Pleno ou persoa funcionara na que delegue, que exercerá a secretaría.

Este Consello Asesor, de carácter consultivo e informativo, practicará cantas dilixencias considere necesarias para a máis depurada e completa valoración das propostas presentadas así como dos méritos das persoas ou entidades propostas. Será asistida polo secretario/a nas súas funcións.

6. O Consello Asesor de Condecoracións reunírase unha vez por semestre con carácter ordinario e con carácter extraordinario celebrará cantas sesións acorden a presidencia ou un terzo dos seus membros.

7. A convocatoria das sesións ordinarias corresponde realizala á presidencia, a través da secretaría xeral, cunha antelación de catro días hábiles e acompañada da orde do día, da data, hora e lugar en que vai ter lugar a sesión e, se fose preciso, da documentación correspondente. Para as sesións extraordinarias a antelación mínima de convocatoria será de dous días hábiles.

8. Rematada a función informativa, o Consello Asesor elevará a proposta a través do seu secretario ou secretaria ao alcalde ou alcaldesa, que a someterá ao Pleno da Corporación, previos os trámites oportunos.

9. Os acordos serán adoptados por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación nunha sesión extraordinaria do Pleno convocada para este fin.

Capítulo IV. Loito oficial no Concello de Santiago de Compostela

Artigo 11.O loito oficial

1. O alcalde ou alcaldesa poderá acordar a declaración de loito oficial cando circunstancias ou feitos de transcendencia así o requiran.

2. No decreto da Alcaldía incluíranse todas e cada unha das accións que se vaian desenvolver en sinal de respecto e condolencia.

3. No casos en que a declaración de loito oficial veña acordada por outras institucións ou administracións públicas de ámbito internacional, comunitario, estatal ou autonómico, estarase ao preceptuado pola correspondente declaración.

Capítulo V.Irmandamento

Artigo 12.Obxecto, requisitos e procedemento

1. O Concello de Santiago poderá decidir o irmandamento con outros municipios, cidades ou localidades co fin de desenvolver vínculos de amizade. É o nivel máis elevado que pode alcanzar a cooperación con outras cidades ou colectividades análogas. Estará baseado na existencia de valores compartidos, vínculos históricos, culturais, lingüísticos, económicos e similares capaces de xerar unha relación permanente entre elas.

2. Os irmandamentos poderán celebrarse con cidades españolas, europeas ou de calquera outro estado recoñecido por España. Non se celebrarán con cidades que pertencen a estados cuxos sistemas políticos non respecten os principios de democracia e os dereitos humanos ou nos que se practique calquera tipo de discriminación incompatible cos valores democráticos, salvo que o seu obxecto específico e preferente de superar esa situación e apoiar a recuperación das liberdades estea debidamente xustificado no expediente.

3. Os obxectivos perseguidos poderán ser:

a) Favorecer a creación de sentimentos de proximidade entre a cidadanía, promovendo o mantemento de relacións pacíficas entre os pobos, a resolución de conflitos pola vía do diálogo, a cooperación e o dereito, a tolerancia entre as diversas culturas e civilizacións e, en xeral, os valores establecidos na Carta das Nacións Unidas.

b) Fomentar a aproximación da poboación, o incremento do turismo, os intercambios educativos, tecnolóxicos e culturais, e a solidariedade coas situacións de crise ou necesidade.

c) Estimular a realización de proxectos que supoñan o intercambio de coñecementos, tecnoloxías, arte e cultura.

d) Crear redes de cooperación coas cidades irmandadas para o desenvolvemento de boas prácticas, o intercambio de experiencias e a análise e proposta de solucións en temas concretos de interese común.

e) En xeral, calquera outro obxectivo de interese común que contribúa ao establecemento de vínculos de amizade e colaboración para fins pacíficos e de superación dos obstáculos ao respecto e a tolerancia das diferenzas entre os pobos, culturas ou civilizacións.

4. Iniciarase o procedemento de acordo co artigo 10 deste regulamento. Do mesmo xeito, a proposta poderá proceder da cidade que pretende o irmandamento con Santiago de Compostela.

5. O expediente será instruído pola Alcaldía, para o que se redactará un informe sobre os vínculos existentes, os obxectivos e as posibilidades de financiamento dos gastos. Terá que quedar reflectida a conformidade do órgano de goberno da cidade coa que se pretende celebrar o irmandamento.

6. Salvo que se trate dunha cidade española, a intención de celebrar o irmandamento comunicarase ao Ministerio competente en materia de administracións públicas e ao Ministerio de Asuntos Exteriores para os efectos oportunos.

7. Cumpridos os requisitos anteriores, corresponde ao Consello Asesor de Condecoracións o seguimento da tramitación. Procurarase a participación cidadá, convidando á Comisión a membros do tecido social da cidade. Correspóndelle á Comisión establecer contacto coa outra parte e redactar, de común acordo, un proxecto de protocolo de irmandamento. A Comisión poderá ser auxiliada polo servizo de Protocolo para o desempeño das súas funcións.

8.O protocolo de irmandamento conterá, ademais das mencións xerais de lugar, data, persoas que interveñen e carácter co que actúan, as finalidades e obxectivos que pretenden alcanzar, a súa congruencia coas competencias municipais, os proxectos e accións que se pretenden realizar, o órgano permanente de relación, se existise, e as causas de extinción. Acordado o texto e ditaminado polo Consello Asesor de Condecoracións, presentarase ao alcalde ou alcaldesa, xunto cos informes preceptivos, para o seu sometemento á consideración do Pleno.

9. A formalización realizarase mediante visitas recíprocas das comisións representativas das cidades que se irmandan.

10. Os actos que se desenvolvan con motivo do irmandamento con outra cidade serán establecidos pola área de Alcaldía, así como o lugar e data para a sinatura do protocolo, dando conta ao servizo de Protocolo como responsable da organización dos actos.

Capítulo VI.Libro de honras e distincións

Artigo 13.Rexistro

1. A Secretaría Xeral do Pleno do Concello de Santiago, en coordinación co servizo de Protocolo, establecerá e manterá un rexistro permanente de todas as distincións outorgadas, consignando en seccións separadas para cada unha delas e por orde cronolóxica, os acordos de concesión, datas, titulares, motivos do outorgamento, lugar e acto en que tivo lugar a imposición, e, en xeral, cantos datos sexan de utilidade.

2. Os irmandamentos anotaranse nun capítulo especial do Libro de honras e distincións.

Capítulo VII.Cronista oficial da cidade de Santiago de Compostela

Artigo 14.Definición

1. O Concello poderá nomear cronista oficial da cidade elixido entre aquelas persoas físicas que acreditaran un profundo coñecemento do pasado histórico de Santiago de Compostela mediante publicacións científicas e actividades culturais relevantes.

Artigo 15.Nomeamento de cronista oficial da cidade de Santiago de Compostela

1. O procedemento para o nomeamento de cronista oficial da cidade de Santiago de Compostela iníciase por decreto da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 10.4 deste regulamento.

2. A proposta de iniciación do expediente deberase acompañar dunha memoria na que se especifiquen os méritos que concorran na persoa que se propón, xunto cunha recensión biográfica e bibliográfica.

3. A súa tramitación realizarase de acordo co disposto no artigo 10 deste regulamento.

Artigo 16.Singularidades do procedemento

1. O expediente será informado polo persoal técnico do departamento de Cultura.

2.Durante a tramitación do expediente poderase solicitar facultativamente informes de entidades de recoñecido prestixio na materia, tales como reais academias, Universidade de Santiago de Compostela ou outras. Estes informes non terán, en ningún caso, carácter vinculante.

3. Antes de formular a proposta de nomeamento darase audiencia no expediente á persoa ou persoas candidatas.

4. O nomeamento de cronista oficial da cidade de Santiago de Compostela acordarase, logo do ditame do Consello Asesor de Condecoracións, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, por proposta da Alcaldía e entregarase nun acto solemne, procurando que coincida coa segunda quincena do mes de xullo, data na que se celebran as festas patronais.

Artigo 17.Carácter do título de cronista oficial de Santiago de Compostela

1. O título de cronista oficial de Santiago de Compostela é puramente honorífico e non implica o dereito a percibir retribución económica ningunha, sen prexuízo da compensación dos gastos que ocasione o desenvolvemento dos encargos realizados.

2. O título de cronista oficial de Santiago de Compostela terá carácter vitalicio.

3. Malia o disposto no parágrafo anterior, poderá cesar por decisión propia ou, en caso de incumprimento das súas obrigas, por acordo do Pleno do Concello de Santiago e coa mesma maioría esixida para o seu nomeamento.

Artigo 18.Obrigas

O cronista oficial quedará comprometido a realizar as seguintes tarefas:

a) Emitir a súa opinión e resolver consultas sobre aqueles temas relacionados coa historia da cidade de Santiago de Compostela, ou aqueles que a Corporación, por medio da Alcaldía, considere oportuno someter á súa consideración.

b) Redactar unha memoria anual na que se recollan os principais acontecementos sociais, culturais, políticos e de todo tipo relacionados coa cidade.

Artigo 19.Dereitos

O título de cronista oficial outorga os seguintes dereitos:

a) Recibir do Concello unha medalla conmemorativa do nomeamento e distintiva do título.

b) Recibir compensación polos gastos xerados como consecuencia do encargo de realizar algún estudo ou investigación de carácter excepcional pola súa complexidade ou polo investimento de traballo que requira, ou que esixa a realización de viaxes ou a adquisición de medios materiais específicos.

c) Ser convidado aos actos públicos organizados polo Concello.

d) Recibir gratuitamente un exemplar de todas as publicacións editadas polo Concello.

e) Acceder aos fondos do Arquivo e das bibliotecas e hemerotecas municipais para a súa consulta e estudo. En todo caso, o acceso aos datos que figuren nos expedientes e rexistros administrativos efectuarase nos termos que dispoña a lexislación vixente na materia.

f) Empregar o material e os medios técnicos que se poñan ao seu dispor no Arquivo municipal para facilitar o desenvolvemento do seu labor.

g) A publicación da súa memoria anual.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.-O Consello Asesor de Condecoracións exercerá as súas funcións en colaboración co servizo de Protocolo, en particular. Este servizo será o encargado de organizar os actos solemnes de entrega dos títulos, honras e condecoracións recollidas neste regulamento.

SEGUNDA.- O alcalde ou alcaldesa poderá ditar as instrucións que resulten precisas para desenvolver este regulamento, así como establecer excepcións na súa

aplicación cando concorran determinadas circunstancias singulares, apreciadas por maioría polo Consello Asesor de Condecoracións.

TERCEIRA.-O Consello Asesor de Condecoracións trasladará á Alcaldía, á Xunta de Goberno e, se é o caso, ao Pleno, todas as iniciativas e propostas relacionadas coa aplicación da Lei 52/2007, do 26 de decembro, da memoria histórica, así como a súa concreción para o Concello de Santiago de Compostela.

CUARTA.-Os grupos municipais da Corporación, dada a natureza deste regulamento, procurarán o acordo por consenso para a concesión das honras e condecoracións recollidas nel.

QUINTA.-Sen prexuízo das competencias atribuídas por este regulamento a distintos órganos e servizos municipais en materias concretas, todas as cuestións que se susciten referentes á figura do cronista e a súa actividade e relación co Concello canalizaranse a través da área da Alcaldía.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

No momento en que entre en vigor este Regulamento quedará sen efecto o regulamento para a concesión de condecoracións agrupadas baixo o nome de cabaleiros de Compostela, medalla do mérito ao traballo e nomeamento de alcalde honorario con bastón de puño de prata, do 5 de maio de 1955 así como a súa modificación de 2 de abril de 1966.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e entrará en vigor transcorrido o prazo de 15 días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.”

5. PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO EN MATERIA DE LOITA CONTRA A FRAUDE.

O informe proposta, do economista da oficina de coordinación EDUSI, en relación ao asunto do epígrafe, de data 2 de maio do corrente ano, ten o seguinte contido:

“Fernando Martínez Gómez en calidade de Economista da Oficina de coordinación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago

INFORMA:

O artigo 125, apartado 4 c) do Regulamento da Unión Europea 1303/2013 establece que as Autoridades de Xestión dos Programas Operativos do FEDER para o período 2014-2020, deben pór en marcha medidas efectivas e proporcionadas de loita contra a fraude, tendo en conta os riscos que se vaian detectando.

Esta responsabilidade en materia de loita contra a fraude, esténdese aos Organismos Intermedios de Xestión e aos Organismos Intermedios Lixeiros, como é o caso do Concello de Santiago que asume esta responsabilidade en relación coa selección de operacións cofinanciadas polo FEDER no marco da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI).

Neste sentido, o Manual de Procedementos para a selección de operacións da EDUSI de Santiago de Compostela, prevé como unha das medidas preventivas en materia de loita contra a fraude, a realización dunha Declaración Institucional que xere unha cultura antifraude. Para dita Declaración séguese o modelo previsto no Anexo III das Orientacións da Comisión Europea en materia antifraude (Anexo I deste Informe-Proposta).

Por outra banda, o Manual de Procedementos, prevé tamén a adhesión a un código ético e de conduta, destinado aos membros do Concello de Santiago que intervirán na selección, execución, seguimento, control e certificación de operacións subvencionadas. Neste código prestarase especial atención aos conflitos de intereses, aos obsequios e política de hospitalidade, á información confidencial e aos requisitos para a notificación da presunta fraude (Anexo II deste Informe-Proposta).

Á vista destas medidas previstas, enténdese conveniente a adhesión do Pleno Municipal, tanto á Declaración Institucional como ao Código Ético que se inclúen como anexos a este Informe-Proposta.”

Á vista do informe proposta a concelleira delegada de economía e facenda, propón:

1º. A subscrición dunha Declaración Institucional en materia de loita contra a fraude, segundo o modelo que se achega como anexo I.

2º. A adhesión ao Código Ético e de Conduta destinado aos membros do Concello de Santiago que participan na selección, execución, seguimento, control e certificación de operacións cofinanciadas polo FEDER segundo o modelo que se achega como anexo II.

Xa que logo, rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda:

1º. A subscrición dunha Declaración Institucional en materia de loita contra a fraude, segundo o modelo que se achega como anexo I.

2º. A adhesión ao Código Ético e de Conduta destinado aos membros do Concello de Santiago que participan na selección, execución, seguimento, control e certificación de operacións cofinanciadas polo FEDER segundo o modelo que se achega como anexo II.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DE ACCESIBILIDADE NA CIDADE CONFORME AO SEGUNDO ESTUDO REALIZADO POR ACEM.

O texto da proposición do epígrafe presentada con data 7 de maio de 2018, número 127, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A accesibilidade universal debe ser concibida como un compromiso e unha responsabilidade de toda a cidadanía, das institucións públicas a todos os niveis, dos colectivos sociais e tamén das empresas públicas e privadas.

Para acadar unha sociedade cada paso máis inclusiva e accesible é preciso que todas as administracións traballen desde o seu ámbito, dunha forma coordinada, para cumprir cos obxectivos marcados pola Lei Xeral de Dereitos das persoas con discapacidade, que se aprobou no ano 2013 e que sitúa a España como un referente nesta materia, tal e como o ten recoñecido a Organización das Nacións Unidas que lle concedeu ao noso país hai máis de catro anos o Premio Roosevelt, en atención ao tratamento das persoas e aos avances nas políticas de inclusión do Estado español. Ese recoñecemento, lonxe de acomodarnos no feito en cada un dos ámbitos, debe ser un referente para animar o longo traxecto que aínda queda por percorrer neste terreo.

Porque, non cabe dúbida que un cambio do calado que se pretende na nosa sociedade, necesita a coordinación e a axuda de todas as administracións, tendo en conta que a accesibilidade non é unicamente unha acción normativa, que tamén o é, senón sobre todo unha acción de cambio social. Ese é o motivo polo que todos os poderes públicos deben seguir traballando coas institucións e as entidades do terceiro sector para alcanzar unha sociedade accesible universalmente.

A nivel do Estado estase a traballar en varias fronteas a través do Centro Español de Documentación sobre Discapacidade, desde o Centro Español de Tecnoloxías da Accesibilidade, a través de encargos a entidades relacionadas coa accesibilidade -como a Fundación ONCE- e, de forma moi especial coa elaboración do segundo Plan

Nacional de Accesibilidade, cumprindo co establecido pola citada lei xeral. Un Plan que precisa, para o seu desenvolvemento, do traballo conxunto e dos recursos das comunidades autónomas, corporacións locais, empresas públicas e privadas e do Goberno de España.

En Galicia, entre as medidas impulsadas no ámbito autonómico, contamos desde finais de 2014 cunha específica Lei de Accesibilidade, un texto integrador para unificar, coordinar e establecer os criterios de aplicación, execución e control nas actuacións que realizan, tanto a administración autonómica como a local.

A nivel municipal, Concello e entidades sociais de Santiago levan anos traballando nesta materia, como o demostra a concesión en 2006 do Premio Reina Sofía de accesibilidade. No pasado mandato, levouse a cabo a elaboración dun proxecto en colaboración con COGAMI para a execución dunha primeira fase de obras de mellora de accesibilidade; e durante o actual mandato, a Corporación municipal tamén vén dando mostras desa vontade de contribuír a mellorar as condicións de accesibilidade, acordando por unanimidade a realización de distintas accións nesa dirección, aínda que unha gran maioría delas -incluíndo a convocatoria da Comisión de Accesibilidade- seguen á espera da súa realización.

Un dos últimos acordos no seo da Corporación produciuse en xullo do ano pasado cando se decidiu por unanimidade que o Goberno municipal estudara o traballo realizado por Julio Louro, responsable da área de mobilidade da Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) e, conforme ás prioridades establecidas naquel documento, se executaran as obras máis prioritarias en 13 puntos da cidade, para facer de Santiago un exemplo de cidade accesible e universal. Polo que puidemos saber unha parte daquelas actuacións foron abordadas, pero quedan aínda por acometer varias actuacións puntuais que foron obxecto dun segundo estudo por parte de ACEM.

Co mesmo espírito de colaboración e coas mesmas doses de realismo que no estudo de 2016, a ACEM achégalle ao Concello un novo traballo, datado en setembro de 2017, cunha serie de accións necesarias para a supresión de barreiras arquitectónicas no tecido urbano. No documento sinálanse un total de 31 ámbitos, entre eles algúns -como o acceso ás piscinas do Sar, as rúas do Valiño e das Fontiñas (Avenida do Camiño Francés) ou o contorno do CHUS- xa recollidos no estudo anterior.

Tendo en conta, tal e como se sinala no propio traballo de ACEM, que do que se trata é de procurar a accesibilidade por riba de consideración estéticas que poderían conlevar elevados custos, tendo en conta que se trata de actuacións asumibles economicamente e con inmediatos beneficios sociais para un importante colectivo que as necesita, presentamos á consideración do Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que:

- 1.- Tome en consideración a segunda parte do Estudo para a supresión de barreiras arquitectónicas realizado pola Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) e proceda a realizar as melloras na accesibilidade que nel se solicitan.
- 2.- Solicite a colaboración da Xunta de Galicia naquelas actuacións que lle correspondan a esta e/ou naquelas que compartan ámbito competencial.
- 3.- Proceda a convocar a Comisión municipal de Accesibilidade de forma sistemática, tal e como se acordara no acordo plenario unánime adoptado en novembro de 2015.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que:

- 1.- Tome en consideración a segunda parte do Estudo para a supresión de barreiras arquitectónicas realizado pola Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) e proceda a realizar as melloras na accesibilidade que nel se solicitan.
- 2.- Solicite a colaboración da Xunta de Galicia naquelas actuacións que lle correspondan a esta e/ou naquelas que compartan ámbito competencial.
- 3.- Proceda a convocar a Comisión municipal de Accesibilidade de forma sistemática, tal e como se acordara no acordo plenario unánime adoptado en novembro de 2015.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, RELATIVA Á NECESIDADE DE ATENDER UNHA SERIE DE DEMANDAS DA POLICÍA LOCAL.

A proposición presentada con data 14 de maio do corrente ano, número de rexistro 133, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para o seu debate no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Santiago de Compostela conta cunha Policía Local modélica, que vén amosando cada ano a súa profesionalidade e bo facer no garante da nosa seguridade, así

como noutras tarefas que se lle asignan, como o coidado do medio, do mobiliario urbano ou na formación viaria. Pero, dito isto, a realidade a día de hoxe é que as súas necesidades son cada vez máis evidentes e notorias, o que debe levar a afrontar esta situación e buscar solucións viables á maior brevidade posible.

Uno dos principais problemas que ten a Policía Local é a falta de efectivos. Dos 175 efectivos e co obxectivo de chegar a 201 da etapa do alcalde socialista Sánchez Bugallo, se ten pasado aos 133 actuais, e destes, arredor de oito se atopan cunha baixa médica. Baixas que, polo menos nalgúns dos casos, non serían tales se fora posible a segunda actividade, isto é, que estas persoas se puideran adicar a tarefas tales como a inspección de vados ou a formación viaria.

A maiores, habería un problema engadido no caso de que se admitan as xubilacións anticipadas -ás que tamén se lles podería ofertar esta segunda actividade-, xa que quedarían só 120 axentes para todo o municipio.

Este grupo municipal considera que esta redución de efectivos está a afectar directamente no impacto de certos delitos e problemas de seguridade no municipio, que se teñen detectado nestes últimos tempos e así se fixeron públicos na recente Xunta Local de Seguridade.

De feito, a zona rural é unha das máis afectadas por estas deficiencias, así como a protección de casco histórico, a defensa do medio, ou a formación en seguridade viaria, entre outros servizos que se viñan prestando.

Polo tanto, estamos ante unha necesidade clara e que debe ser atendida por parte do goberno municipal porque, ademais, a esa falta de efectivos súmase que as horas extras que fan os axentes levan sen ser pagadas dende o mes de setembro. Por outra banda, a Policía Local precisa doutra serie de recursos, nomeadamente informáticos e telemáticos, polo que resulta necesario implantar un sistema similar ao que ten a Local da Coruña, así como dotalos dunha parcela permanente de titularidade municipal, coas súas correspondentes oficinas, aulas e circuío, para impartir a seguridade viaria (a de Amio ten que ser cedida cando existen actos).

Sendo consciente este grupo municipal socialista das dificultades de contratación e de acadar o financiamento, poñemos enriba da mesa a posibilidade de avaliar o Real Decreto de 23 de marzo de 2018 que recolle o acordo acadado polo Ministerio de Facenda co presidente da FEMP, que posibilita investir un posible superávit en programas de Seguridade e Orde público, nos capítulos I e II.

Por todo o exposto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN:

Que o goberno municipal asuma as carencias e necesidades da Policía Local e poña en marcha os mecanismos correspondentes para solventar ditas reclamacións, que están a repercutir na seguridade veciñal no noso municipio: persoal, recursos informáticos e telemáticos, aulas de formación e un circuío para a formación en seguridade viaria.

Que se desenvolvan os pertinentes informes por parte da asesoría xurídica, o secretario xeral do pleno e a intervención para que avalíe o Real Decreto de 23 de marzo de 2018 e, deste xeito, confirme se, como parece, é posible investir en persoal e medios técnicos da Policía Local en base ao mesmo.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 22 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 9 PPG), e 2 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do BNG, acorda:

Que o goberno municipal asuma as carencias e necesidades da Policía Local e poña en marcha os mecanismos correspondentes para solventar ditas reclamacións, que están a repercutir na seguridade veciñal no noso municipio: persoal, recursos informáticos e telemáticos, aulas de formación e un circuío para a formación en seguridade viaria.

Que se desenvolvan os pertinentes informes por parte da asesoría xurídica, o secretario xeral do pleno e a intervención para que avalíe o Real Decreto de 23 de marzo de 2018 e, deste xeito, confirme se, como parece, é posible investir en persoal e medios técnicos da Policía Local en base ao mesmo.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA ADOPTAR MEDIDAS QUE FOMENTEN O USO DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS, AO SER UNHA ALTERNATIVA ECOLÓXICA.

A proposición de data 14 de maio de 2018, número de rexistro 136, ten o seguinte teor literal:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno destinada a adoptar medidas que favorezan o uso de vehículos eléctricos en Santiago de Compostela, ao ser unha alternativa máis ecolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Compostela está a quedar atrás a respecto doutras cidades do Estado español como Murcia, Valladolid, Madrid ou Barcelona e doutros concellos galegos que adoptaron medidas para fomentar os vehículos eléctricos particulares e o transporte público eléctrico.

Os fondos EDUSI, en cidades con sensibilidade ambiental, foron usados para financiar os plans estratéxicos para preparar ese cambio que se achega no modelo de transporte. Neses concellos aprobáronse plans estratéxicos e medidas encamiñadas ao fomento destes vehículos que están considerados como o futuro da automoción, pois son máis ecolóxicos, tendo en conta que máis do 10% das emisións de CO2 no planeta están provocadas polos vehículos que usan combustíbeis fósiles nas contornas urbanas.

Trátase de vehículos máis limpos, sostíbeis e eficientes con menor impacto ambiental e acústico, ademais do baixo custe de mantemento e combustíbel (2 euros cada 100 km os eléctricos en contraposición aos 10 euros cada 100 km dun coche de gasolina). Rexistran tamén unha evolución en expansión, pois en 2017 matriculáronse 8.645 coches eléctricos no territorio español que supoñen un crecemento do 82% con respecto ao ano anterior.

Se ben é certo que en Santiago de Compostela existe unha bonificación no imposto de circulación do máximo que permite a lei, do 75%, tan só existen en toda a cidade dúas prazas adaptadas para coches eléctricos no aparcadoiro de Xoán XXIII e o anuncio do concelleiro de Mobilidade de que una das futuras liñas de transporte urbano vai ser prestada cun autobús eléctrico.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela implantará unha rede pública de recarga de baterías para vehículos eléctricos, ademais de facer un esforzo maior na propia flota de transporte público, nos vehículos municipais e das empresas concesionarias e nos taxis.

O Concello de Santiago impulsará para os vehículos eléctricos descontos e bonificacións nas zonas de estacionamento da ORA mentres non se aplique a súa gratuidade total; descontos nos aparcadoiros públicos e reservas específicas de estacionamento; e mais o incremento de tempo para as empresas de reparto en zonas de carga e descarga.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Implantar unha rede pública de recarga de baterías para vehículos eléctricos, ademais de facer un esforzo maior na propia flota de transporte público, nos vehículos municipais e das empresas concesionarias e nos taxis.

Impulsar para os vehículos eléctricos descontos e bonificacións nas zonas de estacionamento da ORA mentres non se aplique a súa gratuidade total; descontos nos aparcadoiros públicos e reservas específicas de estacionamento; e mais o incremento de tempo para as empresas de reparto en zonas de carga e descarga.

9. DAR CONTA DE RENUNCIAS AO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE XADE.

Dáse conta de escritos presentados con data 9 de maio do corrente ano, polo portavoz do BNG, Don Rubén Cela Díaz, e polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Don Gonzalo Muíños Sánchez, de renuncia como membros do Consello de Administración de XADE.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 6 ao 27 de abril de 2018 (núms. 2311 ao 3026).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta nº 25/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de abril de 2018.

Acta nº 26/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada ao día 10 de abril de 2018.

Acta nº 27/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 13 de abril de 2018.

Acta nº 28/2018, correspondente a sesión extraordinaria urxente celebrada o día 16 de abril de 2018.

Acta nº 29/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 17 de abril de 2018.

Acta nº 30/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 18 de abril de 2018.

Interrómpese a sesión cando son as 18:30 horas, e vólvese a reanudar ás 18:50, incorporándose todos e todas os/as concelleiros e concelleiras, agás Don Francisco Reyes Santiás.

Auséntase a viceinterventora que xa non se reincorpora ao resto da sesión.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN.

Rogos:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 11 de maio de 2018, núm. 132.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 14 de maio de 2018, núm. 134.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de maio de 2018, núm. 142.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de maio de 2018, núm. 143.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 145.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 146.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 147.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de maio de 2018, núm. 130.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 11 de maio de 2018, núm. 131.
Do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 14 de maio de 2018, núm. 135.
Do grupo municipal do BNG de data 15 de maio de 2018, núm. 144.
Do grupo municipal do Partido Popular de data 15 de maio de 2018, núm. 148.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do BNG de data 24 de abril de 2018, núm. 125.

No presente punto incorpórase durante o debate do rogo núm. 142, o señor Reyes Santiás.

Previa declaración de urxencia acordada por unanimidade ao principio da sesión, o Pleno da Corporación por unanimidade, aproba a seguinte Declaración Institucional que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais, Compostela Aberta, Partido Popular, PSde G-PSOE e BNG, co seguinte contido:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE A SENTENZA DITADA NO DENOMINADO “CASO DA MANADA”

O26 de abril de 2018, a Audiencia Provincial de Navarra emitiu sentenza a respecto do xuízo coñecido mediaticamente como o “caso da manada”, sobre unha agresión sexual cometida en Pamplona o 7 de xullo de 2016, durante as festas de San Fermín, por un grupo de cinco homes contra unha muller de 18 anos.

A muller foi retida, introducida nun espazo reducido, sen escapatoria e sen testemuñas, e sometida a prácticas sexuais sen o seu consentimento, mentres se atopaba en estado de shock emocional que lle impedía reaccionar. Foi obxecto, ademais, dun trato vexatorio

como mero obxecto sexual, con desprezo da súa dignidade por parte dos agresores, que ademais lle roubaron o teléfono móbil para impedir a súa reacción tras os feitos.

Os autores da violación son condenados por abuso sexual, e non por agresión. A razón alegada é que non se puido probar que os condenados aplicaran violencia física, que non se lle causaron lesións graves e que a vítima non manifestou unha resistencia activa. Estes argumentos resultan totalmente obsoletos e a propia Nacións Unidas leva anos defendendo que cando se fala de violencia non só se trata diso, senón tamén de violentar a vontade individual.

Desta decisión derívase indirectamente que a Xustiza española esixe ás mulleres que se resistan, e que os violadores empreguen a violencia física, para que este feito se considere agresión nun xuízo. Por outra parte, supón impoñer unha múltiple penalidade ás vítimas: despois da violación, son revitimizadas, teñen que sufrir un longo proceso xudicial no cal son cuestionadas polo seu actuar tanto durante os feitos como posteriormente, para finalmente ser “culpabilizadas” por non ter actuado correctamente: por non defenderse, ou mesmo por ter feito as súas vidas.

Ante a sentenza do denominado “caso da manada”, xa valoraron numerosos expertos e expertas xurídicas, asociacións feministas e de mulleres, ONU mulleres, ou o goberno de Navarra entre outros, que:

- Minimiza os feitos ao non consideralos agresión sexual, ao non considerar o agravante de realizarse en grupo.
- Sitúa a carga da proba na vítima ao poñer o foco da sentenza no seu comportamento e non no comportamento dos agresores.
- Favorece a impunidade das agresións machistas e envía unha mensaxe de descrédito da vivencia das mulleres que padecen agresións e vitimizacións.
- Pon de manifesto a incoherencia de entender que o abuso sexual perpetrado nas condicións que se produciron, e que queda recollido no relato dos feitos, pode producirse sen violencia e/ou intimidación.

Por todo iso, o Pleno do Concello de Santiago de Compostela **ACORDA**:

1.- Expresar a súa solidariedade coa muller vítima da violación cometida por “La Manada”, así como con todas aquelas outras que viron como o seu lexítimo dereito á Xustiza se vía ferido pola concepción patriarcal da mesma.

2.- Instar ao Congreso dos Deputados e ao Senado á modificar o Código Penal para revisar o suposto de abuso sexual así como a consideración xurídica da violencia en casos de agresión sexual e violación.

3.- Instar a que se formen todos os operadores xurídicos nomeadamente xuíces e xuízas en materia de xénero cunha formación continuada e adaptada a realidade social que axude a incluír a perspectiva de xénero no dereito coa finalidade de evitar que se volva a ditar sentenzas coma estas.

4.-Dar soporte a todas as mobilizacións de crítica social en contra desta sentenza xudicial.

5.-Dar traslado desta declaración institucional á Audiencia Provincial de Navarra, ao Ministerio de Xustiza e ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 7 de maio de 2018, núm. 128, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre actuacións a desenvolver no ámbito do Monte Pedroso.

Rexistro de entrada do día 7 de maio de 2018, núm. 129, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre medidas contra os incendios forestais.

Rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 137, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamar o mantemento dos informativos locais e o diario cultural da CRTVG.

Rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 138, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio ás reivindicacións da asociación de persoas sordas de Santiago de Compostela (APSSC) sobre a falta de accesibilidade no ámbito sanitario galego.

Rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 139, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á sociedade estatal de Correos e Telégrafos, SA.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 140, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre o espazo conformado pola rúa do Pombal e a praza do Campo de San Clemente.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 141, presentada polo grupo municipal do BNG, para incrementar o nome das mulleres no rueiro compostelán co obxectivo de avanzar na correlación de xénero.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 149, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver unha actuación integral para a adecuación dos servizos na rúa e na travesía da Fervenza.

Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 150, presentada polo grupo municipal do BNG, para iniciar os procedementos para asumir a xestión directa da escola municipal de música.

Os textos das mocións presentadas son os que a seguir se transcriben:

MOCIÓN SOBRE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER NO ÁMBITO DO MONTE PEDROSO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vanse cumprir dous anos desde que o Pleno municipal aprobara, en xuño de 2016, unha iniciativa para afrontar distintas melloras no contorno do Monte Pedroso, un espazo emblemático para a calidade ambiental da cidade, miradoiro e punto estratéxico para a práctica deportiva e o lecer en contacto coa natureza.

A pesar do tempo transcorrido e da doada asunción das actuacións acordadas, a maioría delas non se teñen cumprido: nin a construción dos 250 metros de senda peonil branda que faltan para completar o itinerario desde o centro da cidade ata a Granxa do Xesto; nin a adecuación do camiño principal da Selva Negra –hoxe moi estragado, sobre todo no tramo máis elevado- e nada se sabe da elaboración do estudo e posterior execución das actuacións necesarias para a recuperación e sinalización do itinerario do Vía Crucis centenario que discorre desde as proximidades de Santa Isabel ata o cume do Pedroso.

A estas eivas sen atender, hoxe cómpre engadir unha nova. Porque, cando se adoptou o acordo para as melloras no Pedroso, aínda estaba en servizo a cafetería da Granxa do Xesto que daquela cumpría doce anos desde a súa apertura ao público. Desde outubro de 2016 a cafetería permanece pechada. Despois de varios meses para a licitación da concesión, ao concurso -limitado en exclusiva a centros especiais de emprego e empresas de inclusión- non se presentaron ofertas, declarándose deserto a finais do verán de 2017, sen que se teña aberto un novo procedemento que modifique as condicións na procura da desexable recuperación deste servizo, que ademais da cafetería inclúe a apertura e atención dos baños públicos que se integran na mesma instalación e que como a propia cafetería levan oito meses pechados.

Avanzada xa a temporada de primavera e ante a urxencia de actuar para mellorar as condicións deste importante espazo, referente para a cidadanía de moitas actividades vinculadas ao aire libre, e patrimonio natural de incalculable valor, o Grupo Municipal propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno municipal insta ao correspondente órgano do Concello a que, coa máxima dilixencia, se acometan as seguintes actuacións:

1. A construción dunha senda branda duns 250 metros para completar o itinerario peonil entre o centro da cidade e a Granxa do Xesto; o acondicionamento do camiño principal da Selva Negra; e a redacción e execución -por medios propios ou coa colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago- dun proxecto para a recuperación e sinalización do Vía Crucis e o itinerario que marca desde a zona de Santa Isabel ata o cumo do Pedroso. Todo iso, conforme, ao acordo plenario acadado en xuño de 2016.

2. O remate dos novos pregos e a licitación do servizo de cafetería na área da Granxa do Xesto, coa intención de que poida abrirse ao público á maior brevidade posible.

MOCIÓN SOBRE MEDIDAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de común aceptación afirmar que os incendios forestais deben previr-se no inverno, aplicando medidas con antelación, principalmente de ordenación e limpeza, para dificultar as posibilidades de que a biomasa sexa pasto do lume, creando un problema de primeira magnitude, non só ambiental, senón -e sobre todo- para a seguridade pública.

Esa necesidade da prevención fai que sexa necesario articular coa maior dilixencia medidas que incidan no control e coidado dos terreos forestais, e en especial das denominadas redes de faixas de xestión de biomasa, definidas na Lei 7/2012, de montes de Galicia, nas que se sinalan as “persoas responsables” deste labor, entre as que se encadran tanto os titulares do aproveitamento de terreos como as administracións, entidades ou sociedades con competencias na xestión de determinados servizos que fagan uso de terreos forestais ou en zona de influencia forestal.

Entre estas administracións atópanse, tal e como se especifica na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, os concellos como entidades locais que deben adoptar as medidas de prevención que lle corresponda nos terreos da súa titularidade, incluíndo a xestión da biomasa para a protección de núcleos de poboación, de infraestruturas, equipamentos sociais, de zonas edificadas e dos

parques e polígonos industriais. Esta xestión inclúe a obriga de manter a franxa de seguridade dun mínimo de 50 metros de ancho de espazo rozado e con plantacións controladas. Unha acción que actualmente se ten fixado para desenvolver ata o 31 de maio e que, para a súa efectividade, debe estar presidida pola colaboración e cooperación entre administracións públicas, con achega de medios materiais, económicos e humanos; así como polo principio de subsidiariedade que no caso dos concellos se deberá aplicar para os casos de incumprimento dos labores de xestión da biomasa vexetal por parte das persoas responsables desa obriga.

O Concello de Santiago ten un amplo territorio forestal que ocupa 11.448 hectáreas, o que representa un 52,03% da superficie municipal (IGE, 2015), con parroquias cunha especial relevancia nesta dedicación como A Sabugueira, Figueiras ou San Xoán de Fecha, esta última -xunto coa de Santa Cristina de Fecha- especialmente afectada por un importante incendio forestal acontecido en 2016. Trátase dunha zona que pola súa amplitude e complexidade xa foi considerada zona de alto risco de incendios pola Xunta de Galicia no ano 2007. Neste senso, cómpre destacar como puntos de referencia no territorio municipal os preto de 240 lugares e os preto de 1.200 km. de rede viaria, dos que segundo os datos dispoñibles arredor da metade se atopan en superficie forestal.

Ao longo dos últimos anos, o Concello de Santiago veu poñendo en marcha unha planificación para levar a cabo traballos de roza nas franxas de seguridade forestal -establecidas na actualidade nun mínimo de 50 metros de ancho no contorno de zonas habitadas- para actuar sobre as marxes das vías municipais, o contorno dos núcleos e as fincas municipais. Para iso viñéronse destinando recursos do orzamento municipal, dispoñendo tamén de axudas procedentes da administración autonómica.

Iniciado o actual mes de maio, sorprende que o Concello non teña avanzado nesta planificación específica e, sobre todo, que teña renunciado á contribución da Xunta de Galicia a través da sinatura de convenios para este fin –dotados cun total de 33 millóns de euros para tres anos- que se lle ofrecía para tres finalidades: para a adquisición de camións motobomba, rozas de maleza arredor de núcleos habitados e contratación de brigadas. Dos 313 concellos galegos, 276 e cinco mancomunidades xa teñen asinado convenios con este fin, mentres Santiago renunciou a esa posibilidade alegando publicamente o alcalde que se trataba dunha axuda “pouco significativa” e que era algo “pouco operativo”, porque o ingreso se facía en setembro “fóra dun calendario eficaz para a prevención”.

Pois ben, precisamente na procura dun calendario eficaz para a prevención e das medidas a desenvolver nese período para evitar os incendios forestais, o Grupo Municipal Popular presenta á consideración a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano do Goberno a:

1.- Axilizar coa máxima urxencia os traballos de limpeza e xestión da biomasa vexetal para a prevención de incendios forestais na franxa de seguridade establecida legalmente no ámbito da súa competencia, incidindo de forma prioritaria nas proximidades dos núcleos de poboación e nas marxes das estradas e camiños municipais.

2.- Instar aos propietarios de terreos forestais enmarcados na citada franxa de seguridade a cumprir coas súas obrigas, advertíndolles das consecuencias dun incumprimento que comporta por lei a execución subsidiaria por parte da administración local.

3.- Intensificar a colaboración e cooperación coa Administración autonómica en materia de prevención e loita contra os incendios forestais, compartindo os recursos humanos e materiais, sen renunciar ás axudas que desde a Xunta de Galicia se ofrecen aos concellos para contribuír a mellora dos medios dispoñibles para a prevención e loita contra o lume.

MOCIÓN PARA RECLAMAR O MANTEMENTO DOS INFORMATIVOS LOCAISE O DIARIO CULTURAL DA CRTVG

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de manter os informativos locais e o Diario Cultural da CRTVG para contribuír a garantir o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social do país que deben caracterizar este servizo público.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A televisión e a radio públicas de Galiza constitúen, alén dun servizo público, un dereito fundamental para a poboación do noso país. Así xurdiron, co obxectivo de garantir o acceso a unha información próxima, plural que puxese o foco na realidade galega e contribuíse, entre outras cuestións, a normalizar a lingua propia, promocionar e difundir a cultura galega na defensa da identidade de Galiza.

Porén, a dirección da CRTVG vén de anunciar que serán suprimidas as desconexións locais dos servizos informativos radiofónicos. A pretendida supresión das desconexións informativas locais suporá unha maior centralización informativa e a perda das referencias horarias coas que durante anos contou a poboación, a un ano das eleccións municipais de 2019.

Unha medida que se enmarca nun conxunto de mudanzas na programación que suporá tamén a supresión do Diario Cultural, principal espazo informativo en materia de cultura que leva 28 anos en antena. O programa pasará a se difuminar entre a programación xeralista, os informativos e o entretemento sendo substituído na franxa horaria que viña ocupando por un novo programa deportivo.

A desaparición do Diario Cultural como espazo radiofónico de información, debate e reflexión de seu súmase á supresión da maior parte da programación cultural da radio e televisión públicas de Galiza desde que goberna o Partido Popular e Feijóo. Aberto por reformas, Onda Curta, Libro Aberto, Planeta de Cine, Planeta Furancho, Onda Vital, Eirado ou Alalá desapareceron da grella desde 2009.

As reformas que pretende implementar a dirección da CRTVG supón, entre outras cuestións, o incumprimento dos principios inspiradores e alcance recollidos na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza.

Artigo 4. Principios inspiradores e alcance

- b) A promoción e difusión da cultura e lingua galegas, así como a defensa da identidade de Galicia.
- d) O reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galicia.
- j) A garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio.

Así como a vulneración do obxectivo de servizo público que obriga a Corporación a:

Artigo 5. Obxecto do servizo público.

1. O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canles de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinadas a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. O Concello de Santiago insta á dirección da CRTVG a manter a desconexión local de Santiago de Compostela nos servizos informativos da Radio Galega para contribuír a garantir o dereito fundamental de acceso a unha información próxima para o conxunto da cidadanía galega que debe ser premisa dun servizo público.

2. O Concello de Santiago insta á dirección da CRTVG a manter o Diario Cultural como espazo propio cultural informativo, de debate e reflexión e expresa o rexeitamento á presenza residual da información cultural na grella da Radio e Televisión Públicas de Galiza.

3. O Concello de Santiago insta á dirección da CRTVG e á Xunta de Galiza a garantir e afortalar o carácter de servizo público da radio e televisión públicas, así como a cumprir a Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos garantindo o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social do país e mais a difusión e promoción da lingua e a cultura galegas como elementos centrais da identidade propia de Galiza.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE COMPOSTELA ABERTA, PSOE-PsdeG E BNG EN APOIO AS REIVINDICACIÓNS DA ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (APSSC) SOBRE A FALTA DE ACCESIBILIDADE NO ÁMBITO SANITARIO GALEGO

Concepción Fernández Fernández, concelleira de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centros Cívicos, Milagros Castro Sánchez, concelleira do grupo municipal do PSOE-PsdeG e Rubén Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG, presentan para o seu debate e aprobación no Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela, esta a iniciar unha campaña de difusión sobre a falta de accesibilidade que sufren a diario as persoas xordas no ámbito sanitario.

O 10 de outubro de 2007, o Pleno do Senado aprobou por unanimidade o proxecto de Lei da Lingua de Signos e de Medios de Apoio á Comunidade Oral das Persoas Xordas, Xordocegas e con Discapacidade Auditiva. A presente Lei entrou en vigor tras a súa publicación no BOE. *(Lei 27/2007, de 23 de outubro, póla que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas).*

Con esta norma inténtase o acceso á información e á comunicación das persoas xordas, tendo presente a súa heteroxeneidade e as necesidades específicas de cada grupo. A

norma reconece a lingua de signos española como lingua das persoas xordas que libremente decidan utilizala, así como o seu aprendizaxe, coñecemento e uso. Ademais, a Lei establece e garante os medios de apoio á comunicación das persoas xordas, con discapacidade e xordocegas cando sexan necesarios.

En canto ao uso, a norma facilitará ás persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas a utilización de intérpretes de lingua de signos e o establecemento de medios de apoio á comunicación, cando o precisen, en diferentes ámbitos públicos e privados.

As Persoas Xordas enfróntanse diariamente con barreiras de comunicación, entendéndose estas, segundo a Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Superación das Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, como calquera impedimento para a expresión ou recepción de mensaxes a través dos medios ou sistemas de comunicación.

A pesar dos cambios positivos que produciu esta lei para as persoas xordas, na actualidade, todavía existen numerosas situacións de discriminación en materia de accesibilidade. O acceso aos recursos non se produce en igualdade e un exemplo claro pódese ver no ámbito sanitario galego.

A Federación de Persoas Xordas de Galicia, entidade integrada por sete asociacións do colectivo de toda Galicia é a Entidade responsable en establecer convenios ca Xunta de Galicia que garantan o dereito á accesibilidade das persoas con discapacidade auditiva. A FAXPG, ven de notificar á APPSC, que o SERGAS rexeita asumir os costes das intérpretes de lingua de signos que acompañan as persoas xordas nas súas citas médicas. Con anterioridade, mostráranse favorables a incluír nos seus orzamentos para este ano unha partida destinada ao cofinanciamento do servizo pero, finalmente, é a FAXPG quen cubre o custo dos servizos no ámbito sanitario na súa totalidade a través doutras fontes de financiamento.

Desde os grupos municipais de Compostela Aberta, PSOE-PsdeG e BNG apoiamos á loita da APSSC pola que reclaman unha accesibilidade real para as persoas con discapacidade auditiva e así rachar coa discriminación que sufren na súa vida diaria.

Por todo isto, os grupos municipais de Compostela Aberta, PSOE-PsdeG e BNG presentan para a súa aprobación no Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Concello de Santiago de Compostela insta á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que acaden un acordo económico coa Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para o confinanciamento do Servizo de Intérpretes de

Lingua de Signos Española ordinario no ámbito sanitario, que supoñen o 32% dos servizos totales sen recibir aportación económica algunha desde dita consellería.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA Á SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS E TELÉGRAFOS, S.A.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Correos é unha sociedade estatal que leva prestando os seus servizos a todos os españois desde o 8 de xullo de 1716. Actualmente, é a sociedade responsable de prestar o Servizo Postal Universal en España de acordo a uns requisitos de calidade, regularidade, accesibilidade e asequibilidade, que fan efectivo o dereito de toda a cidadanía ás comunicacións postais.

As cifras de Correos dan mostra da importancia da súa rede: máis de 8.000 entidades locais son atendidas a través dunha rede física e humana en todo o territorio nacional. Un servizo prestado a través de 8.946 puntos de atención, máis de 57.000 empregados onde o 49% son mulleres e o 51%, homes, que percorren diariamente 700.000 quilómetros diarios para atender a fogares e empresas.

A garantía do dereito de toda a cidadanía ás comunicacións postais a través da rede da Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, sobre todo no ámbito rural e o mantemento da prestación dun servizo público de calidade, fan necesario que se poñan en marcha as accións necesarias para garantir a súa viabilidade futura. Neste sentido, é necesario que o operador público, do mesmo xeito que noutros países da nosa contorna europea, diversifique a súa actividade, aproveitando a capilaridad da súa rede, para obter economías de alcance, aumentado a porcentaxe de ingresos por actividades distintas á postal, como son: paquetería, servizos financeiros, retail, dixital, etc.; ademais de levar a cabo accións dirixidas á investigación, desenvolvemento e innovación en materia postal e servizos de proximidade que permitan, contrarrestar a diminución de volumes e ingresos pola actividade puramente postal (especialmente nos segmentos de cartas tradicionais, afectados o efecto de substitución tecnolóxica), equilibrar a súa conta de resultados e manter a rede de Servizo Postal Universal.

En Correos, como noutros sectores, é incuestionable o esforzo e implicación dos seus traballadores e traballadoras e as organizacións sindicais para garantir a viabilidade do operador público nun contexto de forte diminución nas súas condicións e dereitos

laborais, con 7 anos de recortes, o convenio colectivo conxelado desde decembro de 2013, a perda de máis de 15 mil empregos coa consecuente sobrecarga de traballo e unha gran incerteza de futuro. Estes elementos ten unha gran incidencia nun operador responsable, por unha banda, da prestación dun servizo público e, por outro, obrigado a competir nun mercado moi competitivo no que un dos seus maiores activos é o persoal, ao que hai que coidar, incentivar e facer cómplices das distintas decisións que se toman respecto do seu futuro.

A todo isto únese a Resolución de 30 de decembro de 2017 do Consello de Administración da Entidade Estatal de Correos e Telégrafos S.A. que aprobou as novas tarifas que se aplicarán no ano 2018 onde, como novidade, fixa dúas zonas diferenciadas (A e B) para os efectos de aplicar distintos importes nos envíos de publicacións periódicas. A denominada “zona A” aplicaríase a destinos local, capitais de provincia, localidades con administracións de Correos e poboacións de máis de 50.000 habitantes; e a denominada “zona B”, que se aplicaría ao resto de destinos. En todos os tramos de peso, as tarifas da zona B son aproximadamente un 30% máis caras que as da zona A, e o número de destinatarios aos que afecta ao redor de 22 millóns de persoas.

A vixente Lei 43/ 2010, de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, que traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva postal 2008/6/CE, de 20 de febreiro de 2008, proporcionou ao ámbito das comunicacións postais un marco legal que garante os dereitos dos cidadáns e dos usuarios a recibir un servizo postal universal na integridade do territorio nacional de boa calidade, a prezos alcanzables, encomendando esta responsabilidade ao operador público Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A. Así mesmo, a nova regulación postal contempla os instrumentos para garantir o financiamento das obrigacións de servizo público, precisando os mecanismos para a determinación do custo neto e o cálculo da contía da carga financeira inxusta que levan as obrigacións derivadas da prestación do Servizo Postal Universal.

Sin embargo, o marco legislativo postal vixente, despois de máis de sete anos desde a súa entrada en vigor, aínda non se desenvolveu plenamente polo que é necesario que o Goberno aprobe a normativa de menor rango prevista na citada Lei 43/ 2010, e especialmente o Plan de Prestación do Servizo Postal Universal, un instrumento necesario para que o operador público poida cumprir plena e eficazmente co seu labor e potenciar o seu papel histórico como instrumento que contribúe á vertebración territorial, a cohesión social e a mellora da actividade económica.

A falta de aprobación polo Goberno do Plan de Prestación do Servizo Postal Universal, e a repercusión negativa que iso comporta para garantir un proxecto empresarial sólido e crible para a maior empresa pública da SEPI por número de traballadores empregados,

son motivo de gran preocupación para o sector, pese ao Plan de Acción da Sociedade Estatal.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando o Goberno de España a:

1. Diseñar e aprobar un Plan Estratéxico para aumentar a competitividade e garantir a viabilidade da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A. Este Plan debe conter, entre outros elementos, a diversificación a través de actividades como: paquetería, servizos financeiros, retail, dixital, etc. Deberá contar na súa elaboración coa participación dos representantes dos traballadores e traballadoras, e cos grupos políticos representados no Congreso dos Deputados.
2. Negociar, ao longo de 2018, un novo pacto colectivo cos traballadores que busque, entre outras cousas, garantir a taxa de reposición, a estabilidade no emprego mediante convocatorias de consolidación nos próximos anos, o rexuvenecemento do persoal, a garantía e mellora das condicións laborais e un pacto salarial que, ademais de buscar recuperar o salario perdido nos últimos anos, responda á singularidade da compañía pública.
3. Desenvolver e completar a normativa prevista na Lei 43/2010, de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, a fin de garantir os compromisos de prestación e financiamento das obrigacións contraídas cun Servizo Postal Universal de calidade, a prezos alcanzables e accesible para todos os cidadáns e usuarios, conforme ao previsto na devandita lei. Aprobar, particularmente e de maneira inmediata, mediante Acordo do Consello de Ministros, o Plan de Prestación do Servizo Postal Universal previsto na lei, fixando un Servizo Universal de calidade, suficiente para atender ás demandas dos cidadáns, usuarios e empresas; garantindo o custo real da carga financeira inxusta do servizo postal universal, a prestación dun Servizo Postal Universal de calidade e regularidade, así como a rede física que lle dá soporte, con especial atención ao ámbito rural, e a través dun financiamento adecuado.
4. Adoptar, de forma urxente, cantas medidas sexan necesarias para corrixir os obstáculos que, en relación co exercicio do dereito fundamental a comunicar e recibir información veraz e sobre a obrigación constitucional dos poderes públicos a promover e tutelar o acceso á cultura e á investigación científica e técnica, puidesen derivarse da discriminación tarifaria aprobada por Correos nos envíos de publicacións periódicas que forma parte do Servizo Postal Universal.

5. Garantir que Correos siga sendo, como o é desde hai 300 anos, unha ferramenta da que o Estado non pode prescindir para asegurar a vertebración territorial, social e económica.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN SOBRE O ESPAZO CONFORMADO POLA RÚA DO POMBAL E A PRAZA DO CAMPO DE SAN CLEMENTE

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, o Grupo Municipal Socialista desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o espazo público conformado pola Rúa do Pombal e pola Praza do Campo de San Clemente non se atopa en bo estado de conservación. De feito, son numerosas as demandas veciñais para que se acometan traballos de acondicionamento nestes espazos, moitas delas recibidas neste grupo municipal. Ante esta situación, o grupo municipal do PSdeG-PSOE considera necesario solicitar ao goberno municipal a que realice unha serie de actuacións para mellora a situación deste espazo, xa que, ademais, pensamos que a maior parte destas reclamacións postas enriba da mesa son perfectamente asumibles para o Concello de Santiago.

En primeiro lugar, a beirarrúa da Rúa do Pombal ao pé da Alameda atópase en condicións de inseguridade para a circulación de peóns. Os muros de sostemento das parcelas lindantes presentan diversos defectos e derrubas parciais que impiden o adecuado tránsito dos peóns pola beirarrúa.

Ademais, temos recibido queixas veciñais sobre o ancho da beirarrúa, que resulta claramente insuficiente.

Outra das reclamacións que fai a veciñanza, e así o recolle este grupo municipal socialista, é sobre o acondicionamento, mellora e humanización da Praza do Campo de San Clemente. Na actualidade, dito espazo está destinado ao aparcamento regulado de vehículos (ORA e residentes) e, ao situarse ao bordo da Cidade Histórica, está sometido a unha alta rotación. O estado do seu pavimento é actualmente deficiente, con fochancas que resultan un perigo para os propios vehículos e peóns.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno a seguinte **MOCIÓN** instando ao goberno municipal a:

1. Requirir aos propietarios das parcelas que procedan a amañar e acondicionar as súas propiedades na parte que afecta a beirarrúa da Rúa do Pombal. De igual forma, solicitamos ao Concello que faga o mesmo no tramo de muro de propiedade pública, que proceda á limpeza e roza do espazo da beirarrúa e do muro da Alameda e ao mantemento do pavimento das beirarrúas de cada un dos marxes da rúa.

2. Estudar a posibilidade de ampliar o ancho da beirarrúa, reordenando a sección transversal existente na calzada.

3. Executar a rehabilitación integral da Praza do Campo de San Clemente e, aproveitando dita circunstancia, que se estude a súa reordenación funcional e a mellora da súa humanización e da súa integración ao atoparse nunha situación relevante no espazo público.

MOCIÓN PARA INCREMENTAR O NOME DAS MULLERES NO RUEIRO COMPOSTELÁN CO OBXECTIVO DE AVANZAR NA CORRELACIÓN DE XÉNERO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de incrementar o nome das mulleres no rueiro compostelán co obxectivo de avanzar na correlación de xénero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A baixa representatividade das mulleres no rueiro de Compostela, que só ten 71 de 1.276 nomes de lugares, prazas, rúas, ruelas, travesas e avenidas está ben lonxe das pretendidas políticas da paridade de xénero. Cómpre incrementar e darlle presenza ás mulleres no espazo público e restituír ese agravio porque a súa negación desvaloriza e condiciona a imaxe da realidade que se constrúe.

Mentres se manteña esta escasa presenza de nomes femininos en rúas, prazas, parques e avenidas segue a reflectirse a ínfima repercusión social das mulleres de Compostela máis ilustres que foron relegadas da historia, ocultando as súas contribucións no desenvolvemento social, político, científico, cultural, deportivo e económico en cada época. Ademais, as vías con nome de mulleres non ocupan a mesma xerarquía urbanística que as dos homes, xeralmente son secundarias e non nomean paseos, prazas nin avenidas. En Santiago de Compostela, a avenida de Rosalía de Castro é representativa dunha excepción.

Se nas administracións locais queremos impulsar políticas feministas transversais, por estaren vinculadas a un proxecto de sociedade máis democrático, por incidir na xustiza

social e para reivindicar dereitos que historicamente se reservaron aos homes, chegou o momento de transformar, tamén dende as institucións, a sociedade que nos veu imposta. Esta negación é consecuencia das trabas contra o empoderamento feminino, concibido como a asunción do poder de participación social ás mulleres e para alcanzaren a súa presenza en todos os ámbitos sociais, políticos e económicos en que estiveron e están vetadas ou silenciadas no transcurso da historia.

En 2007 aprobouse a inclusión de 28 nomes de mulleres ao rueiro compostelán que, naquela altura se considerou unha listaxe maior que todas as preexistentes. Porén, foron 28 de 69 novos nomes. Do mesmo xeito que se aprobou no Pleno de setembro de 2015 que un parque desta cidade levase o nome da escritora Begoña Caamaño, que aínda non se materializou, como a proposta de 10 nomes de mulleres que o BNG trasladou á Comisión de Condecoracións en setembro de 2017 após da proposta de nomes da Alcaldía que non incluía ningunha muller; cando houbo outros nomeamentos posteriores de rúas e recoñecementos a diferentes persoas como Camilo Díaz Baliño, Miguel Ángel Blanco ou “O Vello dos Contos” que non tiveron que agardar polo novo regulamento e, xustamente, aquelas con nome de muller volveron quedar agochadas. A desproporción, deste xeito, segue a se incrementar.

Para converter Santiago de Compostela nun referente de compromiso feminista, ese ‘territorio de mulleres’ ten que se ver tamén nas denominacións das placas das rúas e debe poder facerse de maneira clara para compensar esa desigualdade.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago incorporará, de xeito inminente, os nomes de Begoña Caamaño, escritora e xornalista, para o parque das Fontiñas; e ao rueiro municipal Rosa Bassave, sindicalista libertaria; e Elena Mihaela Marcu, asasinada por violencia de xénero.

O Concello de Santiago seguirá a incrementar, cunha discriminación positiva, os nomes de mulleres no rueiro municipal que contribuíron ao desenvolvemento social, político, científico, cultural, deportivo e económico en cada época co obxectivo de avanzar na correlación de xénero.

MOCIÓN PARA DESENVOLVER UNHA ACTUACIÓN INTEGRAL PARA A ADECUACIÓN DE SERVIZOS NA RÚA DA FERVENZA E A TRAVESÍA DA FERVENZA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, relativa á necesidade de desenvolver un plan especial para a rúa da Fervenza e a Travesía da Fervenza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da rúa Fervenza e da Travesía da Fervenza de Conxo levan uns cantos anos sendo os esquecidos pola administración deste Concello. As veciñas e veciños destas rúas do barrio de Conxo non contan con determinados servizos como son alumado público, saneamento, subministro de auga e tamén o asfaltado de ambas as dúas rúas é bastante deficitario a pesar de ser unha rúa bastante transitada non soamente pola veciñanza senón tamén polas persoas usuarias do campo de fútbol. Estas dúas rúas teñen tamén varias zonas moi inundábeis polo que causan problemas moi graves ás veciñas e veciños.

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela desenvolva un actuación integral urxente para a rúa da Fervenza e para a Travesía da Fervenza para a adecuación de servizos e unha análise e solución para as zonas inundábeis.

MOCIÓN PARA INICIAR OS PROCEDEMENTOS PARA ASUMIR A XESTIÓN DIRECTA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa ao inicio dos procedementos para a asunción da xestión directa por parte do Concello de Santiago de Compostela da Escola Municipal de Música.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela naceu no curso 2003-2004 e, na actualidade, segundo consta na web municipal conta cunha matrícula de 448 alumnos e alumnas a partir dos 3 anos; e 21 profesores e profesoras que imparten 21 especialidades instrumentais, entre as que salientan violín (43 alumnos/as), piano (36), clarinete (21), percusión (20), chelo (21) ou saxofón (15). Ademais, conta con agrupacións musicais nas que se integra o alumnado desta escola: Orquestra de Corda, Orquestra de Iniciación, Banda e Banda de Iniciación, Agrupación Tradicional, Agrupación de Música Moderna, Coro Infantil e Coro Xuvenil e de Adultos.

Este centro promove unha metodoloxía adaptada a unha oferta de formación musical que desenvolve dende a Escola Infantil de Música de xeito específico, onde o alumnado

de 3 a 7 anos pode adiantar cuestións fundamentais necesarias de lecto-excritura, ritmo e entonación e audición para un máximo desenvolvemento posterior á hora de tocar un instrumento. Para o alumnado de 8 a 15 anos, aplica un plan de estudos en tres materias: Instrumento, Formación teórica e Formación grupal. Tamén hai un plan de estudos específico para a educación musical dos 16 anos en adiante. Impártense, ademais, seminarios de música tradicional.

Logo de que o Goberno local de Compostela Aberta non convocase o concurso en prazo, a Escola Municipal de Música tivo que prestar todo este curso escolar 2017-2018 sen contrato, procedeuse a externalizar a redacción dos pregos e a resultante foi que a única empresa que se presentou á licitación non inclúe a subrogación do persoal, non ofrece bolsas de matrícula gratuíta para nenos e nenas de familias en risco de exclusión social e non destina fondos para auditorías de natureza pedagóxica en relación coa prestación do servizo. Aliás, muda o modelo educativo cando o existente na actualidade ten un gran recoñecemento.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela iniciará, de urxencia, os procedementos para asumir a xestión directa da Escola Municipal de Música co fin de ofrecer un servizo público de calidade que atenda os principios de equidade social e rendibilidade para as arcas públicas.

EMENDAS PRESENTADAS ÁS MOCIÓN.-

Rexistro de entrada do día 23 de maio de 2018, núm. 152 emenda de adición para a moción en apoio ás reivindicacións da asociación de persoas xordas de santiago de compostela sobre a falta de accesibilidade no ámbito sanitario galego (nº de rexistro 138)

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do establecido no regulamento, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte EMENDA DE ADICIÓN

Proponse engadir o seguinte punto:

O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta de Galiza a iniciar o procedemento para o recoñecemento oficial da lingua de signos galega, así como o dereito a aprendela e usala.

Rexistro de entrada do día 23 de maio de 2018, núm. 153 emenda á moción do grupo municipal do BNG “para iniciar os procedementos para asumir a xestión directa da escola municipal de música”

O grupo municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no pleno da corporación, a seguinte emenda á moción do grupo municipal do BNG “para iniciar os procedementos para asumir a xestión directa da escola municipal de música”, co número de rexistro 150, de data 15 de maio de 2018.

Propónse modificar o contido do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“O Concello de Santiago de Compostela iniciará, de urxencia, os procedementos que sexan necesarios para manter o proxecto educativo que vén desenvolvendo durante anos a Escola Municipal de Música, contemplando a continuidade do seu persoal, mediante a forma que se considere máis axeitada, sen renunciar á asunción da xestión directa, para ofrecer un servizo público de calidade que atenda aos principios de equidade social e rendibilidade para as arcas públicas”.

Rexistro de entrada do día 24 de maio de 2018, núm. 155 emenda de engádegas nos acordos para a moción do grupo municipal Socialista relativa á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, SA (nº de rexistro 139)

Instar ao Goberno do Estado Español:

1. A deseñar un Plan Estratéxico para aumentar a competitividade e garantir a viabilidade da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A. Este Plan debe conter, entre outros elementos, a diversificación a través de actividades como: paquetería, servizos financeiros, retail, dixital, etc. Deberá contar na súa elaboración coa participación dos representantes dos traballadores e traballadoras tanto de persoal laboral como funcionario, os grupos políticos do Congreso dos Deputados e cos grupos políticos do parlamento galego.

6. Á derogación do Decreto 503/2007.

7. Ao cumprimento da Directiva Comunitaria 2008/6/CE.

Instar ao Parlamento Galego:

A negociar cantas medidas sexan necesarias a fin de evitar o desmantelamento da rede postal no ámbito rural tanto en recorte de persoal como en peches de oficinas, tendo en conta a singularidade de asentamento poboacional e a dispersión existente no noso territorio, o envellecemento da poboación nomeadamente no rural, así como a escasa e deficiente implantación das novas tecnoloxías que fan imprescindible un servizo áxil eficaz suficientemente dotado de persoal no rural.

Instar ao Concello:

Dar traslado deste acordo ao Congreso dos Deputados, ao Goberno do Estado e ao Parlamento Galego.

Despois de rematado o debate das mocións, e en relación ás mesmas, o Pleno da Corporación adoptou, os seguintes acordos:

En relación coa moción de rexistro de entrada do día 7 de maio de 2018, núm. 128, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre actuacións a desenvolver no ámbito do Monte Pedroso, o Pleno da Corporación por unanimidade, insta ao correspondente órgano do concello a que, coa máxima dilixencia, se acometan as seguintes actuacións:

1.- A construción dunha senda branda duns 250 metros para completar o itinerario peonil entre o centro da cidade e a Granxa do Xesto; o acondicionamento do camiño principal da Selva Negra; e a redacción e execución -por medios propios ou coa colaboración do Consorcio da Cidade de Santiago- dun proxecto para a recuperación e sinalización do Vía Crucis e o itinerario que marca desde a zona de Santa Isabel ata o cume do Pedroso. Todo iso, conforme, ao acordo plenario acadado en xuño de 2016.

2.- O remate dos novos pregos e a licitación do servizo de cafetería na área da Granxa do Xesto, coa intención de que poida abrirse ao público á maior brevidade posible.

Na moción con rexistro de entrada do día 7 de maio de 2018, núm. 129, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre medidas contra os incendios forestais, o Pleno da Corporación por 12 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (9 PP e 3 PSdeG-PSOE), e 12 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e BNG (10 CA e 2 BNG), ao producirse empate, volvese a repetir a votación que obtén o mesmo resultado, e co voto de calidade do señor alcalde, queda rexeitada a devandita moción.

No tocante á moción con rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 137, presentada polo grupo municipal do BNG, para reclamar o mantemento dos

informativos locais e o diario cultural da CRTVG, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

1.- Instar á dirección da CRTVG a manter a desconexión local de Santiago de Compostela nos servizos informativos da Radio Galega para contribuír a garantir o dereito fundamental de acceso a unha información próxima para o conxunto da cidadanía galega que debe ser premisa dun servizo público.

2.- Instar á dirección da CRTVG a manter o Diario Cultural como espazo propio cultural informativo, de debate e reflexión e expresa o rexeitamento á presenza residual da información cultural na grella da Radio e Televisión Públicas de Galiza.

3.- Instar á dirección da CRTVG e á Xunta de Galiza a garantir e afortalar o carácter de servizo público da radio e televisión públicas, así como a cumprir a Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos garantindo o pluralismo ideolóxico, político, cultural e social do país e mais a difusión e promoción da lingua e a cultura galegas como elementos centrais da identidade propia de Galiza.

Na moción con rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 138, presentada polos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, en apoio ás reivindicacións da asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela (APSSC) sobre a falta de accesibilidade no ámbito sanitario galego, e despois de ser aceptada a emenda presentada polo BNG, o Pleno da Corporación:

1.- Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que acaden un acordo económico coa Federación de Asociación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para o confinacemento do Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española ordinario no ámbito sanitario, que supoñen o 32% dos servizos totales sen recibir aportación económica algunha desde dita consellería.

2.- Por unanimidade, acorda instar á Xunta de Galicia a iniciar o procedemento para o recoñecemento oficial da lingua de signos galega, así como o dereito a aprendela e usala.

En relación á moción con rexistro de entrada do día 14 de maio de 2018, núm. 139, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á sociedade estatal de

Correos e Telégrafos, SA, e despois de ser aceptada polo grupo propoñente a emenda presentada polo BNG, agás o punto 6 da mesma, o Pleno da Corporación po 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

a) Instar ao Goberno de España a:

1. Diseñar e aprobar un Plan Estratéxico para aumentar a competitividade e garantir a viabilidade da Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A. Este Plan debe conter, entre outros elementos, a diversificación a través de actividades como: paquetería, servizos financeiros, retail, dixital, etc. Deberá contar na súa elaboración coa participación dos representantes dos traballadores e traballadoras, tanto de persoal laboral como funcionario, dos grupos políticos representados no Congreso dos Deputados e cos grupos políticos do Parlamento Galego.

2. Negociar, ao longo de 2018, un novo pacto colectivo cos traballadores que busque, entre outras cousas, garantir a taxa de reposición, a estabilidade no emprego mediante convocatorias de consolidación nos próximos anos, o rexuvenecemento do persoal, a garantía e mellora das condicións laborais e un pacto salarial que, ademais de buscar recuperar o salario perdido nos últimos anos, responda á singularidade da compañía pública.

3. Desenvolver e completar a normativa prevista na Lei 43/2010, de 30 de decembro, do Servizo Postal Universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal, a fin de garantir os compromisos de prestación e financiamento das obrigacións contraídas cun Servizo Postal Universal de calidade, a prezos alcanzables e accesible para todos os cidadáns e usuarios, conforme ao previsto na devandita lei. Aprobar, particularmente e de maneira inmediata, mediante Acordo do Consello de Ministros, o Plan de Prestación do Servizo Postal Universal previsto na lei, fixando un Servizo Universal de calidade, suficiente para atender ás demandas dos cidadáns, usuarios e empresas; garantindo o custo real da carga financeira inxusta do servizo postal universal, a prestación dun Servizo Postal Universal de calidade e regularidade, así como a rede física que lle dá soporte, con especial atención ao ámbito rural, e a través dun financiamento adecuado.

4. Adoptar, de forma urxente, cantas medidas sexan necesarias para corrixir os obstáculos que, en relación co exercicio do dereito fundamental a comunicar e recibir información veraz e sobre a obrigación constitucional dos poderes públicos a promover e tutelar o acceso á cultura e á investigación científica e técnica, puidesen derivarse da discriminación tarifaria aprobada por Correos nos envíos de publicacións periódicas que forma parte do Servizo Postal Universal.

5. Garantir que Correos siga sendo, como o é desde hai 300 anos, unha ferramenta da que o Estado non pode prescindir para asegurar a vertebración territorial, social e económica.

6. Ao cumprimento da Directiva Comunitaria 2008/6/CE.

b) Instar ao Parlamento Galego:

A negociar cantas medidas sexan necesarias a fin de evitar o desmantelamento da rede postal no ámbito rural tanto en recorte de persoal como en peches de oficinas, tendo en conta a singularidade de asentamento poboacional e a dispersión existente no noso territorio, o envellecemento da poboación nomeadamente no rural, así como a escasa e deficiente implantación das novas tecnoloxías que fan imprescindible un servizo áxil eficaz suficientemente dotado de persoal no rural.

c) Dar traslado deste acordo ao Congreso dos Deputados, ao Goberno do Estado e ao Parlamento Galego.

En relación coa moción con rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 140, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre o espazo conformado pola rúa do Pombal e a praza do Campo de San Clemente, o Pleno da Corporación por unanimidade insta ao goberno municipal a:

1.- Requirir aos propietarios das parcelas que procedan a amañar e acondicionar as súas propiedades na parte que afecta a beirarrúa da Rúa do Pombal. De igual forma, solicitamos ao Concello que faga o mesmo no tramo de muro de propiedade pública, que proceda á limpeza e roza do espazo da beirarrúa e do muro da Alameda e ao mantemento do pavimento das beirarrúas de cada un dos marxes da rúa.

2.- Estudar a posibilidade de ampliar o ancho da beirarrúa, reordenando a sección transversal existente na calzada.

3.- Executar a rehabilitación integral da Praza do Campo de San Clemente e, aproveitando dita circunstancia, que se estude a súa reordenación funcional e a mellora da súa humanización e da súa integración ao atoparse nunha situación relevante no espazo público.

Na moción con rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 141, presentada polo grupo municipal do BNG, para incrementar o nome das mulleres no rueiro compostelán co obxectivo de avanzar na correlación de xénero, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos

municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, acorda:

- Incorporar, de xeito inminente, os nomes de Begoña Caamaño, escritora e xornalista, para o parque das Fontiñas; e ao rueiro municipal Rosa Bassave, sindicalista libertaria; e Elena Mihaela Marcu, asasinada por violencia de xénero.

- Seguir a incrementar, cunha discriminación positiva, os nomes de mulleres no rueiro municipal que contribuíron ao desenvolvemento social, político, científico, cultural, deportivo e económico en cada época co obxectivo de avanzar na correlación de xénero.

Con respecto á moción con rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 149, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver unha actuación integral para a adecuación dos servizos na rúa e na travesía da Fervenza, o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda desenvolver unha actuación integral urxente para a rúa da Fervenza e para a Travesía da Fervenza para a adecuación de servizos e unha análise e solución para as zonas inundables.

Na moción con rexistro de entrada do día 15 de maio de 2018, núm. 150, presentada polo grupo municipal do BNG, para iniciar os procedementos para asumir a xestión directa da escola municipal de música, e ao non ser aceptada polo grupo propoñente a emenda presentada polo grupo municipal Popular, o Pleno da Corporación, por 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 19 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Partido Popular (10 CA e 9 PP), acorda, iniciar, de urxencia, os procedementos para asumir a xestión directa da Escola Municipal de Música co fin de ofrecer un servizo público de calidade que atenda os principios de equidade social e rendibilidade para as arcas públicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 22:00 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández